

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de abril de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e quince minutos do día trinta de abril de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(706).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de abril de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(707).- AUTO DO TSXG NO REC. CASACIÓN Nº 9545/2004 INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE POMPAS FÚNEBRES DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, SOBRE O CUMPRIMENTO DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNERARIA NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. INADMISIBLE.

Dáse conta do auto de data 5.10.06, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no recurso de casación nº 9545/2004 interposto pola representación procesual da Asociación de Empresarios de Pompas Fúnebres de Pontevedra, contra resolución do Concello de Vigo de 28.08.00, que desestima o recurso de reposición interposto contra a resolución de 1.06.00 do alcalde do Concello de Vigo, adoptada a efectos de dar cumprimento á Ordenanza Xeral Reguladora da actividade funeraria no termino municipal de Vigo. A sala acorda:

Declarar a inadmisión do recurso de casación interposto pola representación procesual da Asociación de Empresarios de Pompas Fúnebres da Provincia de Pontevedra, contra a sentenza de 10.06.04, dictada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso nº 5034/00, resolución que se declara firme, con imposición á recorrente das custas procesuais causadas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Cemiterios e Servizos Funerarios.

3(708).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/1571, 1/1516, 1/1612, 11/1270, 4/1457, 3/1660, 11/552, 11/98; DENEGACIÓN EXPTE. 13/1033, 13/491.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos os informes do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Saturnina Paz Barandón. Expte. 3/1571.
- D^a. Dolores Soto Magdalena. Expte. 1/1516.
- D^a. Palmira Lago Vilaboa. Expte. 1/1612.
- D^a. Mercedes Rodríguez Lago. Expte. 11/1270.
- D^a. M^a Pilar Vilar Alvarez. Expte. 4/1457.
- D^a. Encarnación González Álvarez. Expte. 3/1660.
- D^a. Mercedes Voces Cuadrado. Expte. 11/552.
- D^a. Victorino Álvarez Lago. Expte. 11/98.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Josefa Sánchez Otero. Expte. 13/1033.
- D^a. Elisa Estévez Ramos. Expte. 13/491.

4(709).- BASES AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICAS E CON CONCERTO PLENO DE EDUCACIÓN INFANTIL. EXPTE. 21029/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 17.04.07, o informe de fiscalización, do 23.04.07, e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 11.04.07, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos ou con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2007/08.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000,00 euros para axudas municipais escolares de libros para o curso 2007/08. Esta cantidade deberá librarse a M^a Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080.0000.74.0040242619.

3º.- Aprobar e dispor o gasto de 370.000 euros para axudas municipais escolares de comedor para o curso 2007/08. Desta cantidade 92.500,00 euros imputaranse ao exercicio 2007, o resto, 277.500,00 euros con cargo ao exercicio do ano 2008. Ambas as dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar na conta habilitada do departamento 2080.0000.74.0040242619.

BASES AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR NOS CENTROS PÚBLICOS E CON CONCERTO PLENO DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO, CURSO 2007/2008.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, no artigo 21 atribúelles aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Do mesmo xeito, o artigo 50 determina que as administracións poderán conceder, nas condicións que legal e regulamentariamente se establezan, prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade, marxinação social, necesidade material, etc.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios rectores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.

O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar- material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo 20 anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destinadas a alumnos/as matriculados en centros públicos ou con concerto pleno, empadroados e pertencentes a unidades familiares en situacións carenciais.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar-material escolar e comedor, conforme ás seguintes bases, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de colexios públicos e privados concertados con concerto pleno, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2007-2008.

As axudas de libros, material escolar, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas.

As modalidades de subvención serán:

1. Axudas para a adquisición de libros, material escolar e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa)
2. Axudas para comedores escolares (outubro a maio, ambos-los dous incluídos) para alumnos/as matriculados nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria.

Estas Axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que por escasez de recursos económicos non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 400.000 €, considerados na partida 3130.4810000 do orzamento de gastos do presente exercicio, coa seguinte distribución:

- 30.000 euros para Axudas á adquisición de libros, material escolar e material escolar no nivel de Educación Infantil (2ª etapa)
- 370.000 euros para Axudas de comedor

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina de internet www.vigo.org, anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 7 ó 14 de maio ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerada, supera os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios do Concello e das UBAS nos restantes casos, con expresión do alumno/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar-comedor), a resolución recaída (concedido-denegado ou lista de espera).

CUARTA.- Beneficiarios

A presente convocatoria engloba dous tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B, que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria.

Modalidade B.- Con carácter excepcional.

Os beneficiarios estarán o deberán estar matriculados, para o curso 2007/2008, en centros públicos ou con concerto pleno nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos*
- Educación Primaria 6 a 12 anos*
- Educación secundaria obrigatoria 12 a 16 anos*

As subvencións que se otorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concurrencia competitiva.

Os beneficiarios da modalidade B integraranse na lista de espera existente, proveniente da convocatoria ordinaria, en función da puntuación obtida.

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade, de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicalo e reintegralo ó Concello no caso de haber percibido outra axuda, excepto as que concede o Concello de Vigo e a Consellería de Educación, a través das FOAMPAS, para comedor

Non poderán acceder as axudas de libros, material escolar e material escolar aquelas familias con alumnos/as matriculados/as nos cursos que se implanten ou estén implantados a gratuidade dos libros, material escolar de texto a través da Xunta de Galicia.

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder as axudas de libros, material escolar e comedor. No caso que tiveran axuda de comedor concedida, e fosen tutelados pola Xunta, esta sería revocada.

Especificamente, non se concederán axudas municipais escolares de libros, a aqueles menores dos que se teña coñecemento que repiten curso.

SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroada (a comprobación realizarase polo propio departamento) e residir de modo efectivo no concello de Vigo.*
- Convivir os alumnos/as para os que se solicitan as axudas.*
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.*
- Con respecto á axuda de comedor debese contar con praza no centro, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.*

- *Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ou con concerto total, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*
- *Ter presentado a solicitude e documentación durante o prazo estipulado.*
- *Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda de300,00 €*
- *Que os centros para os que se solicita a axuda estén ubicados no termo municipal de Vigo.*

Para os efectos destas axudas entendese por unidade familiar:

- A formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

Solicitude:

Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, na modalidade A da base cuarta, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I.

Documentación

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.*
- Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.*
- Fotocopia da declaración do IRPF –exercicio 2005- no caso de facela, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar, ou certificado negativo expedido pola Administración Tributaria.*
- Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:*
 - *Para traballadores en activo: fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2007.*
 - *Para traballadores autónomos:*

- *Fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2007*
- *Fotocopia da declaración de patrimonio, ano 2005 (Xunta –Consellería de Economía e Facenda)*
- *Fotocopia pagamento a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2007 para empresarios e profesionais (modelo 130 ou 131).*
- *Para pensionistas: xustificante de pensión/s mensual/ais (viuedade, orfandade, non contributiva, etc..) no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS correspondente o ano 2007.*
- *Para demandantes de emprego con prestacións:*
 - *Certificado das prestacións do INEM de xaneiro, febreiro e marzo de 2007*
 - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
- *Para demandantes de emprego sin prestacións:*
 - *Fotocopia Tarxeta demanda de emprego (Certificado de Inscripción como demandante de emprego) (Xunta)*
 - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
- *Para perceptores da RISGA:*
 - *Aportarán únicamente o xustificante da contía mensual que percibe.*

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.

- a) *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten,libros e material escolar, aportarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2007/08 está matriculado ou ten reserva de matrícula neste nivel educativo.*
- b) *Para os/as alumnos/as de educación infantil(2ª etapa) ,primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, aportarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interés no servizo de comedor para o curso 2007/2008.*
- c) *No caso de separación ou divorcio, deberase acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.*
- d) *Fotocopia da certificación do grao de minusvalidez no caso que algún membro da familia esté afectada por ela, ou resolución de invalidez.*
- e) *Calquera outra que se considere conveniente na instrución do procedemento da resolución.*
- f) *No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.*

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.

OITAVA.- Formalización de solicitudes

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

NOVENA.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artic. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, terásele por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 indicada.

DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

No caso de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a lista de concesión por orden inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar.

A) Aspectos sociais

- Por cada menor de 16 anos..... 1 punto
- Familia monoparental..... 3 puntos
- Por cada alumno solicitante en acollemento familiar..... 2 puntos
- Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego..... 2 puntos
- Perceptor/a de RISGA o Pensión no contributiva..... 5 puntos

(incompatible con situación de desemprego)

- Descapacidade

Por cada membro afectado por algunha minusvalía legalmente cualificada 1 punto

- Cando o menor se atope en situación de desprotección ou risco, un máximo de 3,5 puntos.

As situacións de desprotección ou risco valoradas polos/as técnicos/as de servizos sociais, corresponderán ás seguintes:

- *Dificultades de atención ao menor por parte da súa familia, orixinada pola ausencia de hábitos de coidados adecuados ou a existencia de antecedentes de risco0,50 puntos.*
- *Disfuncionalidade da dinámica familiar que se orixina pola tensión xerada polas situacións de inestabilidade laboral e/ou precariedade económica..... 0,50 puntos.*
- *Dificultades de atención ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas dos seus coidadores (alcohol, drogas, discapacidades) 0,50 puntos.*
- *Problemas de desaxuste familiar ou socio-familiar que poida afectar ao desenvolvemento normalizado do menor 0,50 puntos.*
- *Problemas específicos do menor 0,50 puntos (rexeitamento social, fracaso escolar, absentismo, conflito na escola, etc.)*
- *Menores en proceso de intervención social en programas municipais .. 0,50 puntos.*
- *Menores que habitan en vivendas con características de infravivenda, chavolismo ou amoramento 0,50 puntos.*

TOTAL ATA..... 3,50 PUNTOS

A puntuación destes aspectos sociais son acumulables.

B) Aspectos económicos

A valoración económica farase tendo en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar.

- *0 a 29.95 8.5*
- *29.96 a 68.50 7.5*
- *68.51 a 107.05 6.5*
- *107.06 a 145.60 5.5*
- *145.61 a 184.15 4.5*
- *184.16 a 222.70 3.5*
- *222.71 a 261.25 2.5*
- *261.26 a 300.00 1.5*

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración integrada polo/a concelleiro/a delegado/a que actuará de presidente; o xefe de Sector; a técnica responsable do programa e a técnica do departamento xurídico administrativo que actuará como secretaria. Este Órgano Colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende

que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades Básicas de Acción Social.

Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, puntuación, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor), resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.
- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos :
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo
 - Non aportan a documentación requirida
 - Non estar empadroados
 - Matriculado nun centro privado
 - O alumno/a repite curso
 - Supera os ingresos
 - O centro non conta co servizo de comedor.
- Lista de espera: coa súa correspondente puntuación.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instructora do procedemento previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo ao orzamento do Concello do ano 2007, por uns importes máximos de 30.000 € para axuda de libros e material escolar de Educación infantil (2ª etapa) e 370.000 € para comedor do curso 2007/2008, nambos casos con cargo á partida 3130.4810000 “Becas Libros, material escolar e Comedor”.

DECIMO TERCERA.- Contía , pagamento das axudas e xustificación.

Para libros e material escolar

Educación infantil (3,4 e 5 anos) 62,00 €

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de facturas orixinais.

Nos casos especiais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboaráselle ao/a profesional da UBAS ou Programa, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

Para comedor .-

O prezo da praza de comedor será aprobado polo Consello Escolar de cada centro ou pola FOANPAS, extremo que deberá ser comunicado ao Departamento de Benestar Social do Concello.

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a será como máximo de 41 € .

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagado polo pai, nai ou titor.

A contía das axudas municipais escolares de comedor aboarase a mes vencido (de novembro a xuño) á conta bancaria do centro no que está matriculado o alumno/a coa axuda concedida.

Con anterioridade o Departamento de Benestar Social enviará na derradeira semana de cada mes o listado mensual ao centro, no que constará o nome do pai, nai, ou titor dos/as alumnos/as con axuda de comedor e o importe para aboar.

Na primeira semana de cada mes o pai, nai ou titor asinará no colexio o listado amentado no apartado anterior, o que constata que este servizo foi utilizado polo alumno/a.

O traslado de centro docente o longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a trasladarase sin finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do abono do comedor.

De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas escolares de libros, material escolar e comedor, estas serán cubertas por outros alumnos, que téndoas solicitado por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de espera con maior puntuación, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

O prazo de resolución e de notificación non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conformne ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Ö vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sin contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Os prazos contaránse a partir do día seguinte da publicación.

Contra a resolución individual poderán interpoñerse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no tablón de anuncios do Concello e das Unidades Básicas de Acción Social.

DÉCIMO QUINTA.- Modalidade excepcional

Co fin de dar protección as situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se poideran presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada ante a Comisión de Valoración a que alude a base décimo primeira, e a conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria.

Unha vez resolta pasará a formar parte da lista de espera, única proviniente da convocatoria ordinaria.

DÉCIMO SEXTA.- Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios das axudas de comedor deberán asumir as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.*
- Comunicarlles ás Unidade Básicas de Acción Social que lle corresponda por domicilio ou ó centro educativo as baixas.*
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*
- O pai, nai ou titor está obrigado a asinar os listados mensuais da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a. De non ser así o Concello non fará efectivo o pago ao centro educativo; e poderá chegar mesmo a dar de baixa a axuda por incumprimento das normas estipuladas.*
- O aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

DÉCIMO SÉTIMA.- Revocación e réxime sancionador

- a) No caso das axudas de libros e material escolar, revocarase a subvención concedida cando esta non fora destinada ao fin para o que foi oncedida.*
- b) No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia a este sen causa xustificada, por un período continuado de catro días, ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse o/a alumno/a coa suspensión temporal ou definitiva para o curso 2007-2008.*

A suspensión comenará sempre o primeiro día do mes e de tratarse dunha suspensión temporal , o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

- c) Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

s entidades, beneficiarios, etc., quedarán sometidos ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e rexime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Norma final

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvención.

5(710).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS CONCERTOS INCLUÍDOS NO FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS 07”. EXPTE. 10186/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 16.04.07, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar os seguintes prezos unitarios de venda de entradas para os concertos programados dentro do *Festival de Jazz de Vigo “IMAXINA SONS’07”*, según o anexo que se achega:

- Concerto da *IMAXINA JAZZ ORQUESTRA* no Centro Cultural Caixanova, o 1 de xullo, ás 22,00 horas: 12.-€ butaca, 11.-€ 1º anfiteatro, 10.-€ 2º anfiteatro e 9.-€ 3º anfiteatro.
- Concertos no auditorio municipal: 3.-€
- Espectáculos dirixidos a público familiar: 3.-€ adultos e 2.-€ menores de 12 anos.
- Concertos no salón de actos do MARCO: 2.-€

2º.- Que o ingreso da recaudación total se realice na conta de titularidade municipal 2080 0000 71 0040070137 á finalización da última das actuacións previstas.

FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO
IMAXINA SONS’07
Proposta de prezos

1. CENTRO CULTURAL CAIXANOVA, 22,00 HORAS.

Prezo: 12.-€ butaca, 11.-€ 1º anfiteatro, 10.-€ 2º anfiteatro e 9.-€ 3º anfiteatro.

Domingo, 1 de xullo

IMAXINA JAZZ ORQUESTRA + invitados
“Homenaxe a Antonio Cal”
Dirección: Nani García

2. AUDITORIO MUNICIPAL.

2.1. Espectáculos para público familiar. Prezo: 3.-€ adultos, 2.-€ até 12 anos.

Sábado, 23 de xuño, 18 h

“DE SALZBURGO A NUEVA ORLEÁNS”

Domingo, 24 de xuño, 12h

BASURA, QUÉ HERMOSURA”

2.2. Concertos musicais, 21h. Prezo: 3.-€

Xoves, 28 de xuño	<i>HENRI TEXIER STRADA SEXTET</i>
Venres, 29 de xuño	DANIEL FLORS [GROUP THERAPY] presenta “ATONALLY YOURS”
Sábado, 30 de xuño	SIR CHARLES+4.”DE AQUÍ”

SALÓN DE ACTOS DO MARCO: concertos solistas, 21'45 horas.

Prezo: 2.-€

Luns, 25 de xuño	<i>ANTONELLO SALIS (acordeón)</i>
Martes, 26 de xuño	<i>MARKUS BREUSS “Chips e columnas de aire” (trompeta e percusión)</i>
Mércores, 27 de xuño	<i>CHEFA ALONSO “Podemos chegar ao horizonte? (tres contos cortos para dous instrumentos sós: saxo soprano e percusión menuda)</i>

6(711).-SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO PARA CONTRIBUIR OS GASTOS QUE SE ORIXINEN DURANTE O ANO 2007. EXPTE. 10167/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 30.03.07, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Que se outorgue á Fundación MARCO, CIF G36909885, unha subvención de 805.000 € (oitocentos cinco mil euros), con cargo á partida 4510.489.00.03 “Aportación á Fundación MARCO” do actual presuposto municipal prorrogado no ano en curso, como cota do Concello para cubrilos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo durante o ano 2007.

2º. A xestión da subvención á Fundación Marco harmonizarase coas condicións establecidas para a subvención de outras fundacións impulsadas polo Concello de Vigo.

3º.- A subvención que otorga o Concello de Vigo á Fundación MARCO para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003, de 17 de novembro, BOE 18 de novembro de 2003), particularmente en canto ao previsto sobre a xustificación ou reintegros, se procederan. A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art. 22.2 da Lei Xeral de Subvencións, en especial polo interés público e socioa que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación MARCO.

1.- Forma de pagamento:

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Marco do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2007, a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-78-0040277917, do seguinte xeito:

- a) unha primeira parte, por importe de 268.333 € trala aprobación da achega do Concello de Vigo ao MARCO para o ano 2007.
- b) unha segunda achega, por importe de 268.333 € antes do 30 de xullo de 2007.
- c) e unha terceira parte, por importe de 268.334 € antes do 5 de decembro de 2007.

2.- Documentación para tramitar los pagos:

Para cada unha das achegas:

- a) Solicitud de pago de cada unha das partes da subvención (presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados.
- c) No caso da primeira achega deberán aportar copia da póliza de seguro da colección fotográfica do Concello de Vigo depositada no MARCO, onde figurará como beneficiario o propio Concello.

Para o trámite da segunda achega:

Ademais do sinalado no párrafo anterior, deberá acreditarse a achega da documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación Marco relativo á liquidación do orzamento ordinario, situación patrimonial da entidade, etc.

Liquidación da subvención:

Para a liquidación do último pago da subvención presentarse a seguinte documentación antes do 5 de decembro de 2007:

- a) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - ✓ Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
 - ✓ Memoria de prensa.
 - ✓ Relación definitiva de ingresos e gastos
 - ✓ Detalle do balance económico das actividades e funcionamento.

Con cada solicitud de pago a Fundación Marco presentará dez exemplares do material que edite ou produza de cada unha das actividades. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo. No caso de que a actividade programada dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por unha entidade distinta ao Marco, o Museo chegará tres exemplares a Concellería de Cultura.

A liquidación do pago da subvención está condicionada á conformidade da aprobación das memorias por parte do Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, despois dos informes técnicos necesarios.

7(712).- SOLICITUDE DE LAST LAP S.L. DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO “FÚTBOL EN LA CALLE-LIGA MARCA” O 5.05.07 NA PRAZA DO REI. EXPTE. 6937/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Last Lap, S.L., a organizar o evento FÚTBOL EN LA CALLE-LIGA MARCA o vindeiro día 5 de maio, en horario de 9 a 18.45 horas na praza do Rei.

8(713).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA RP3 DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “GRAN PREMIO GUAK CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE” E “COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO 2007” NOS MONTES DE FRAGOSELO-CORUXO. EXPTE. 6938/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á Agrupación Deportiva RP3, a organizar as seguintes probas nos montes de Fragoselo-Coruxo:

- GRAN PREMIO GUAK CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE (5 e 6 de maio).
- COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE VIGO 2007 (11-12-13 de maio).

2º.- Autorizar o desenvolvemento destas probas nos seguintes horarios:

- ✓ 5 de maio: 10-18 horas.
- ✓ 6 de maio: 9-14 horas.
- ✓ 11 de maio: 9.30-20.15 horas.
- ✓ 12 de maio: 8.00-21.25 horas.
- ✓ 13 de maio: 8.30-14.15 horas.

9(714).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL PARA ORGANIZAR A XIII EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 6939/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación Deportiva Castro San Miguel, a organizar o vindeiro 6 de maio de 2007, a XIII edición do Cross Escolar, no parque de Castrelos, entre as 9.30 horas e as 14.00 horas.

10(715).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO PARA CELEBRAR UNHAS XORNADAS DE “DEPORTE NA RÚA” OS DÍAS 6 E 13 DE MAIO EN BOUZAS E NO AREAL. EXPTE. 6940/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Federación Veciñal Eduardo Chao a celebrar unhas xornadas de DEPORTE NA RÚA, en horario de 9 da mañá ata as 9 da noite, nas seguintes ubicacións e nos días sinalados:

- Día 6 de maio na esplanada fronte á Igrexa de Bouzas.
- Día 13 de maio nas pistas deportivas de Eijo Garay no Areal.

11(716).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” ANO 2007. EXPTE. 2211/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 3.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Admón. Especial do Servizo de Festas e A.Sociocultural, do 30.03.07, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais CIF.: G-36.791.291 para a realización e desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS”.

2º.-Facultar ó Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.-Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 15.000 €, a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais CIF.: G-36.791.291, en concepto do estipulado no convenio con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural.

PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS DURANTE O EXERCICIO 2007

Vigo, marzo de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF- P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.

E doutra, D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Ecuador, 34 LC-BX 36203 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

MANIFIESTAN

Que a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS con número de inscrición 386/95 no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 143/90 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Que o obxecto do presente convenio é o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS”, programa creado e rexistrado pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo no ano 2001. O proxecto desenvolve un circuito de actuacións no que participan máis de 85 grupos de distintas artes escénicas (teatro, baile, música, etec) pertencentes as 19 entidades federadas á entidade. “Vente con nos” é un proxecto exclusivo da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, e a concellería de Festas e Animación Sociocultural o subvenciona dende o ano 2004.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social. Trátase polo tanto dunha subvención directa según o previsto no artigo 22.2 c da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O reximen xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións e a seu Regulamento de desenvolvemento.

Dado o carácter cultural, cívico e social responde ademáis ó previsto no art. 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no art. 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, e ós municipios galegos, no art. 80.2.n. da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a programación e o desenvolvemento do programa “VENTE CON NOS”.

SEGUNDA.- As actividades previstas no proxecto “VENTE CON NOS” están recollidas no programa e bases adxunto a este convenio (anexo I). O presuposto do proxecto presentado pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ascenden a un importe de 20.000 euros con tódolos conceptos e impostos incluídos.

TERCEIRA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ó aforo do lugar onde se realicen, pero as actividades, servizos ou produtos ofertados poderán levar unha achega económica por parte dos/as usuarios/as: billetes, entradas,....

Por este motivo, proporalle a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIOS ó Concello de Vigo os prezos correspondentes para cada un dos casos, para obter a conformidade da concellería que corresponda segundo a actividade en cuestión.

CUARTA.- As obrigas que asume a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIOS son as seguintes:

- 1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado e que figuran como anexo I .*
- 2.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.*
- 4.- Asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.*
- 5.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na*

Lei de Ruidos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

6.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.

7.- Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

8.- Editar e distribuir o material gráfico da programación que figura no convenio. Neste sentido, para cada un dos programas previstos deberán realizarse como mínimo os seguintes soportes publicitarios: 500 carteis, cabalete con rótulos para interiores, pancartas para exteriores e escenarios, así como complemento da información en prensa e radio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

9.- Realizar a programación segundo o proxecto e presuposto presentado e que figuran no anexo I.

10.- Presentar unha memoria, resumo de cada actividade realizada, dentro dos 15 días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:

Programación realizada (actividades, calendario, lugares, etc)

Número de participantes nas diferentes actividades.

Número de asistentes

Un exemplar de cada impreso editado: programa, cartel, etc.

Parte de incidencias.

Balance económico: relación de ingresos e gastos.

11.- Presentarlle ó Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa.

12.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

QUINTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SEXTA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ou de Participación Cidadá, segundo proceda, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

SÉTIMA.- O Concello de Vigo realizará unha aportación económica de 15.000 euros (quinze mil euros con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural a favor da AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS CIF.: 36.791.291, unha vez rematada a execución dos proxectos mediante transferencia bancaria á conta corrente 2091 0540 04 3040003578.

Para poder efectuar os pagamentos, a citada entidade presentará solicitude de pago e memoria das actividades correspondentes (segundo o estipulado na cláusula quinta apartado 11); unha vez recibida, os pagamentos tramitaranse polo departamento correspondente, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

OITAVA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007 e non será prorrogable.

NOVENA- O Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural quedan facultados para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

12(717).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E A.SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE MARZO DE 2007. EXPTE. 2231/335.

Mediante providencia do concelleiro delegado da área de Asuntos Sociais, de conformidade coa base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dáse conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados durante o mes de marzo porlo Servizo de Festas e Animación Sociocultural, e que son os seguintes:

EXPTE. 2185/335. CONTRATACIÓN SERVIZO PARA REPARACIÓN, EMBALAXE, CLASIFICACIÓN, TRANSPORTE E ALMACENAMENTO DO MATERIAL UTILIZADO NA FESTA DA RECONQUISTA 2007.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-03-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 19318

ADXUDICATARIO: PUBLITIA, S.L.

IMPORTE: 11.899,60 €

EXPTE. 2187/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECONSTRUCCIÓN, TRASLADO, MONTAXE E DESMONTAXE DO CONXUNTO ESCÉNICO DA PORTA DA GAMBOA. FESTA DA RECONQUISTA 2007.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 23-03-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 19316

ADXUDICATARIO: UNICORNIO ART & FANTASY, S.L.

IMPORTE: 11.950,00 €

EXPTE. 2188/335. RESERVA DE CRÉDITO PARA ATENDER OS GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DERIVADOS DA FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO 2007.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 23-03-07

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 19598

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 6.000,00 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

13(718).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA DENTRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DESTINADAS A FAVORECER E DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES E COA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 2885/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do departamento da Muller, do 23.04.07, conformado pola concelleira delegada de Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 12 de marzo de 2007, da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOGA núm. 64, do 30 de marzo de 2007, pola que se convocan subvencións destinadas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes e coa eliminación da violencia de xénero, por un importe de 20.000.-€.

14(719).- PROXECTO DE CONVENIO COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A UTILIZAICÓN DE SERVIZOS DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS E PISO TUTELADO PARA MULLERES MALTRATADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2007. EXPTE. 2838/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 20.03.07 e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 14.03.07, conformada pola concelleira da Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a utilización de servizos da Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas e Piso Tutelado para mulleres maltratadas da provincia de Pontevedra no ano 2007:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DA CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO PARA MULLERES MALTRATADAS ANO 2007

No Concello de Vigo reúnese o día _____, pola Excma. Deputación _____, D. Rafael Louzán Abal, en calidade de Presidente, e D^a Corina Porro Martínez en calidade de Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, con código de identificación fiscal P 3605700 H.

As dúas partes recoñécense con capacidade legal e representación suficiente para subscribi-lo convenio de colaboración de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

As institucións asinantes do presente convenio ante a grave problemática que sofren as mulleres maltratadas consideran de suma importancia a utilización de recursos que contribúan a facer fronte a ditas situacións, polo que, asumindo as competencias previstas nos artigos 21 e 36 da Lei 7/ 85 de Bases de Réxime Local, nos artigos 15, 21 e 22 da Lei 4/93 de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia e consonte co disposto na Orde do 1 de abril de 1997 da Consellería de Familia, Muller e Xuventude pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos e co “Regulamento interno da Casa de Acollida e do Piso Tutelado” e no “Prego de prescricións técnicas” que rexen a prestación do servizo da mesma, acordan establecer o presente CONVENIO, coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A Deputación de Pontevedra mediante a firma do presente Convenio, establece apoio económico para ó mantemento do servizo especializado da Casa de Acollida, e o Piso Tutelado, para a atención das mulleres maltratadas, a dos

seus fillos e persoas dependentes, en situación de emerxencia, que reúnan os requisitos esixidos, para o ingreso nestes centros. Asemade, establecerase a reserva de 10 prazas para as usuarias dos distintos Concellos da Provincia.

SEGUNDA.- Ámbito de actuación

O ámbito de actuación do presente convenio comprende a totalidade da provincia de Pontevedra.

TERCEIRA.- Ingresos na Casa de Acollida ou Piso Tutelado, estadias e baixas.

Poderán ingresar na Casa de Acollida de Vigo, as mulleres maltratadas física e psicolóxicamente, maiores de idade, con ou sen fillos que sexan capaces de valerse por si mesmas e que presenten a correspondente denuncia contra o seu agresor, tal como ven recollida na normativa da Consellería de Familia Muller e Xuventude, e no regulamento de funcionamento da Casa de Acollida, publicado no BOP do día 27 de Setembro de 1999.

Non poderán ingresar:

- _ As mulleres con problemáticas de carácter psiquiátrico grave.*
- _ As mulleres que presenten algún tipo de adicción: alcohol, drogas, etc...*
- _ As mulleres que padezcan enfermidade infecto-contaxiosa.*

Para o ingreso na Casa de Acollida esixirase a cada usuaria a sinatura do compromiso e aceptación do Regulamento interno desta. A permanencia no centro dispórase inicialmente por tres meses podendo prorrogarse a mesma dacordo á lexislación vixente.

Para ingresar no Piso Tutelado darase prioridade ás usuarias da Casa de Acollida xa que supón a última fase de atención ás mulleres maltratadas antes da súa inserción socio e/ou laboral, sendo o procedemento administrativo o mesmo co da Casa de Acollida.

Tanto o Concello solicitante como o de Vigo e a Deputación comprometeranse a velar pola confidencialidade das informacións que afecten á vida das mulleres e a súa prole.

Para os ingresos, estableceuse dous tipos de procedementos:

a) procedemento ordinario:

O ingreso ordinario na Casa de Acollida solicitarase á Deputación mediante escrito do alcalde ou alcaldesa solicitante acompañado do informe da traballadora social do concello solicitante. A Deputación, oído o Concello de Vigo, disporá o ingreso con cargo ó convenio, comunicándollo ó Concello solicitante e ó de Vigo. Este notificará á Deputación a data do ingreso.

b) procedemento de urxencia:

No caso de ingreso de urxencia poderá procederse mediante solicitude razoada, verbal ou escrita, dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello solicitante ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) de Vigo e fora do seu horario de atención, á dirección da casa de acollida. Aquel dará conta inmediatamente deste feito á Deputación seguíndose a partir deste momento o procedemento recollido no apartado anterior.

No suposto, de que por causas excepcionais, fose denegada algunha solicitude de ingreso na Casa de Acollida, o Concello deberá informar por escrito a Deputación, das causas que motivaron a denegación.

O Concello de Vigo arbitrará un teléfono de urxencia que atenderá a demanda da Casa de Acollida fora do horario do CMIDM.

Calquera ingreso será provisional durante quince días, en tanto o equipo técnico e a dirección do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, estudian a conveniencia do mesmo e, si é o caso condicións de estadía. En calquera caso, durante a permanencia das persoas acollidas no centro, e ata o momento no que se produzan as súas baixas no mesmo, a intervención farase coordinadamente entre os equipos técnicos da Casa de Acollida e o Concello demandante da axuda. O Concello de Vigo comunicará a baixa a Deputación .

CUARTA.- Vixencia.

O presente Convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2007 rematando o 31 de Decembro do mesmo ano, poidendo prorrogarse expresamente polas partes un ano máis e comunicando cun mínimo dun mes de antelación.

QUINTA. Finanzamento

A aportación económica por parte da Deputación para a Casa de Acollida e Piso Tutelado será ata 107.768,00 euros o ano que se consignarán na partida 07/313-313-480.02. Dita aportación estará baseada nos seguintes criterios:

1ª.- Para axuda de mantemento de gastos da Casa de Acollida Municipal, a Deputación aportará a cantidade de 60.667,68 euros o ano.

2ª.- Polo servizo da Casa de Acollida e Piso Tutelado a disposición dos Concellos da provincia, unha reserva de 10 prazas (estean ou non ocupadas), fixando a cantidade de 12,90 euros praza /365 días, que ascende a un total de 47.085 euros.

As cantidades correspondentes, tanto polo concepto de subvención para gastos de mantemento como o custo das prazas reservadas , experimentarán nas anualidades sucesivas o incremento determinado no índice de prezos o consumo.

A contribución ós gastos do centro será compatible con outras axudas públicas ou privadas, se o importe das mesmas non excede os custos anuais da actividade.

SEXTA.-Compromiso do Concello de Vigo.

A aportación económica da Deputación ó Concello de Vigo garantirá o funcionamento permanente do servizo e atención a todos os concellos da provincia.

O Concello de Vigo proporcionará os Concellos da provincia un teléfono de urxencia que funcione as 24 horas do día, atendido por persoal especializado, asegurando unha información precisa sobre o recurso da Casa de Acollida, fora do horario do CMIDM e atención as demandas.

As mulleres que ingresen na Casa de Acollida, procedentes dos concellos da provincia beneficiaranse dos servizos e recursos que o Concello de Vigo pon a

disposición das mulleres vítimas de violencia de xénero, có obxecto de proporcionarlles unha atención integral, entre outras: servizo de atención domiciliaria a infancia, un diñeiro de peto as mulleres que se atopan nunha situación económica precaria durante a súa estancia na casa, bolsas de axuda económica á saída da muller da Casa de Acollida, favorecer a inserción das mulleres no mercado laboral, etc.

Asemade o Concello de Vigo comprometerase a remitir a Deputación, unha memoria anual sobre o servizo da Casa de Acollida.

Por último o Concello de Vigo, comprométese a acreditar no expediente o cumprimento dos requisitos esixidos no Artigo 14 da Lei 38/03 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións.

SÉPTIMA.- Pagamento.

O pago destas cantidades polos conceptos expresados faranse efectivos con cargo a partida orzamentaria 07/313-313-480.02 do orzamento vixente, logo da petición presentada polo Concello, en dous prazos:

No primeiro trimestre do ano, farase efectiva a aportación correspondente a axuda para gastos de mantemento da Casa de Acollida, e ó primeiro prazo correspondente a seis meses das prazas reservadas pola Deputación.

Para facer efectivo o pago, o Concello xunto ca petición, deberá remitir informe sobre a evolución do servizo de reserva de prazas e do orzamento previsto da Casa de Acollida, para o exercicio en curso.

O segundo pago do custo das prazas reservadas, poderase solicitar unha vez transcorrido o primeiro semestre do ano, remitindo igualmente a Deputación un informe sobre a evolución das prazas reservadas

OITAVA.- Participación de Concellos

Os Concellos interesados en que poidan ingresar mulleres na Casa de Acollida deberán adherirse a este Convenio dirixindo un escrito ó Presidente da Deputación no que tamén fagan constar o seu apoio económico a aquelas familias que carezan de recursos, e así o fagan constar no informe social as/os Traballadores Sociais dos concellos, a fin de cubrir tanto os seus gastos de desprazamento ó Centro como os derivados da adquisición de artigos de primeira necesidade.

NOVENA.- Comisión de Seguimento

Acórdase a creación dunha Comisión de Seguimento consistindo as súas funcións na análise e control da demanda, seguimento técnico das actuacións e adopción de pequenas medidas que poidan repercutir no desenvolvemento cotiá do centro. Dita Comisión estará integrada por:

Pola Deputación : Presidenta da Comisión Informativa da Muller, un funcionario técnico do Servizo de Acción Social e por unha traballadora social.

Polo Concello de Vigo: Concelleira da Muller, a Técnica da Oficina da Muller, e a Traballadora Social do servizo de orientación da muller.

A devandita Comisión de Seguemento designará o seu presidente, e as reunións de dita Comisión manteranse como mínimo semestralmente ou coa periodicidade que fixen os seus membros, sendo o concello o responsable da convocatoria.

DÉCIMA- Publicidade.

A Deputación encargárase de difundir entre os concellos da provincia os termos deste Convenio e principalmente entre as Traballadoras Sociais de Atención Primaria, como profesionais que canalizan e tramitan a demanda de ingreso.

O Concello de Vigo comprométese a facer constar a colaboración da Deputación Provincial, Área de Servizos Sociais, en toda a publicidade que elabora da Casa de Acollida.

UNDÉCIMA.-Dereito supletorio

O presente Convenio estará suxeito ós principios Xerais da ley 38/ 2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións e demais dereito supletorio que sexa aplicable.

Estando as partes conformes co senso deste documento, asinado no Pazo da Excma. Deputación na data do encabezado da que como secretario dou fe.

15(720).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CENTRO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DEPENDENTE DO CONCELLO. EXPTE. 2828/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 15.03.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizo de Muller, do 12.03.07, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a o mantemento do centro de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO CENTRO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DEPENDENTE DO CONCELLO.

Santiago de Compostela,

REUNIDAS

Dunha banda:

Dna. Carme Adán Villamarín, secretaria xeral da Igualdade, de conformidade co disposto no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (modificados polos Decretos 332/2005, de 18 de agosto e 454/2005, do 1 de setembro), no Decreto 517/2005, de 6 de outubro, polo que se

establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e ao abeiro da Orde do 19 de setembro de 2005 sobre delegación de competencias no secretario xeral e de Relacións Institucionais e noutros órganos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Doutra:

Dona Lucía Molares Pérez, concelleira delegada de Muller do Concello de Vigo, que actúa no seu nome e representación segundo dispón o seu nomeamento.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude, se aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril de servizos sociais.

De entre as áreas de actuación nas que se estrutura o sistema de servizos sociais, segundo o artigo 5.3.e) da antedita lei figura a dirixida á muller.

Segundo.- A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ten asumidas entre as súas competencias, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, segundo o establecido no Decreto 517/2005, do 6 de outubro, a xestión das políticas autonómicas en materia de igualdade de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo igualdade entre mulleres e homes, loita contra a violencia de xénero e calidade da vida persoal e familiar.

Terceiro.- Que na Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, se establecen as medidas que a Xunta de Galicia promoverá nas áreas de prevención, intervención e integración para a erradicación da violencia contra as mulleres, así atenderá as necesidades temporais de vivenda das vítimas cunha rede de casas de acollida, ofrecerá programas de atención especializada e promoverá a colaboración coas demais administracións públicas nas accións referentes a estas áreas de actuación.

Cuarto.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

Quinto.- Que o Concello de Vigo na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, é titular dunha casa de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres, centro que cumpre os requisitos establecidos no decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais e na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o concello de Vigo para o financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, podéndose imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica ás mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

SEGUNDA. CONTIDO

O concello comprométese a manter o centro en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres que esixe a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar aportará a cantidade de 34.009,39 euros (trinta e catro mil nove euros con trinta e nove céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.313D.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2007, para os gastos de persoal e correntes efectivamente realizados no exercicio 2007 derivados do funcionamento e mantemento do centro, podéndose imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica ás mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

CUARTA. FORMACIÓN

O persoal do concello que desenvolve as súas funcións con carácter habitual no centro prestando atención ás mulleres participará nas actividades de formación que ao efecto programe e financie a Secretaría Xeral da Igualdade durante a vixencia do convenio.

QUINTA. COMPROMISOS

O Concello comprométese a:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade.
- c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.
- d) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Secretaría Xeral da Igualdade.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Secretaría Xeral da Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- f) Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración, ente público ou sociedade.

- g) Cumprir co resto das obrigas recollidas no parágrafo 4 do artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada a este precepto pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.
- h) Presentar ao remate da vixencia do convenio unha memoria de actuación na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que indicará, as persoas atendidas, as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que o concello considere salientables.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento da mencionada cantidade efectuarase do seguinte xeito: ata o 80% da contía total concedida, poderá facerse efectivo mediante pagamentos parciais na medida en que a entidade xustifique debidamente os gastos realizados.

Serán medios de xustificación facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo programa das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, deberá presentar certificación xustificativa da finalización das actividades programadas e os documentos xustificativos dos gastos que deberán ser iguais ou superiores á axuda concedida, certificando ademais que estas contías foron destinadas ao fin para o que se outorgaron.

SÉTIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2007 e financiará, así mesmo, os gastos realizados no centro dende o 1 de xaneiro de 2007.

OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian desenvolver as actividades e Xunta de Galicia.

NOVENA. MODIFICACIÓN E REVOGACIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 78 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMA. NATUREZA ADMINISTRATIVA DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e demais normas de procedente aplicación.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada pola secretaria xeral da igualdade, que poderá delegar nalgún funcionario/a desta Secretaría, e por un/unha representante da entidade local.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase proceder de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INCLUSIÓN NO REXISTRO DE AXUDAS, SUBVENCIONS E CONVENIOS.

O Concello de Vigo consinte en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

16(721).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA PARA DINAMIZAR OS CENTROS DE INTERNET". EXPTE. 1261/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 30.03.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 30.01.07, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento da Orde de 16 de maio de 2006.

Segundo.- Aprobar o gasto de 10.800,00 € para a dotación económica do convenio con cargo a partida orzamentaria 4631 2270602, dos que 2.700,00 € corresponden ao orzamento de 2007 e 8.100,00 € corresponderán ao orzamento de 2008.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 59,07 € para cubrir a póliza de seguro por risco profesional para o bolseiro ou bolseira, cargo a partida orzamentaria 4631 2240000.

Santiago de Compostela, [] de [] de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. Fernando Xabier Blanco Álvarez, Conselleiro de Innovación e Industria, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 e o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Doutra parte, a Sra. Dona Corina Porro Martínez, en nome e representación de Concello de Vigo (en diante, "a Entidade Colaboradora"), domiciliado en Praza do Rei, 1 de Vigo, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo desta por acordo do Pleno de 13 de decembro de 2003.

A Consellería de Innovación e Industria e a Entidade Colaboradora poderán ser denominadas, individualmente "a Parte" e, de forma conxunta, "as Partes".

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que, segundo o decreto 552/2005, do 20 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria (en adiante Consellería) e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos, á Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información (en adiante DXPISI) correspóndenlle, entre outras competencias, promover actuacións relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información e do coñecemento, fomentando o uso das novas tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) en todos os ámbitos da sociedade galega.

SEGUNDO.- Que con data 25 de maio de 2006, publícase a Orde do 16 de maio de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión de bolsas para a formación de dinamizadores da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para o exercicio 2006.

A devandita orde nace do feito de terse constatado que, malia a existencia na Comunidade Autónoma de Galicia dunha importante dotación de aulas de recursos para a Sociedade da Información, ditas infraestruturas materiais non están dando os resultados previstos por non posuíren na súa maioría, os recursos humanos idóneos para dinamizar e atender as accións relativas á introdución da Sociedade da Información.

O principal obxectivo da Orde é poñer en marcha un proxecto de dinamización da Sociedade da Información co cal se pretende formar persoal que sexa capaz de converter estas aulas en centros de servizos onde os cidadáns poidan acudir a realizar actividades cotiás a través das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) e aprender novos usos que poida achegarles por un lado, calidade de vida e por outro, un incremento da súa produtividade.

No proxecto realizaranse as seguintes actuacións de forma concorrente:

- Actuacións de dinamización da Sociedade da Información, formando neste período aos bolseiros dinamizadores e mostrando dunha forma práctica ao cidadán cómo se accede e se usan os servizos que se prestan a través de Internet.*

- Outras posibles actuacións de dinamización, tales como a realización de concursos, sorteos, premios , etc. entre os usuarios deste tipo de infraestruturas.

En definitiva, o obxectivo do proxecto é conseguir que os cidadáns experimenten de forma efectiva e sensible os beneficios das tecnoloxías da información e as comunicacións, de forma que isto sexa o xermolo paso para un uso diario e cotián.

TERCEIRO.- Que na referida Orde do 16 de maio de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión de bolsas para a formación de dinamizadores da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para o exercicio de 2006, se recolle no seu artigo décimo segundo, que todas as entidades e organismos interesados en colaborar na formación dos dinamizadores, poderán solicitar a acollida, nas súas instalacións, dun bolseiro no período de formación práctica (II fase da formación), e deste xeito, contribuír ao fomento do uso de Internet e as novas tecnoloxías entre os cidadáns.

CUARTO.- Que o Concello de Vigo, ten en funcionamento once centros municipais de internet, dos que catro corresponden a convocatoria de telecentros, dous a convocatorias da Axencia de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (ADR-MAIV) e o resto foron postos en funcionamento con fondos propios do Concello.

A entidade colaboradora está interesada en acoller un bolseiro/a no período de formación práctica, xa que dispón dunha aula de recursos para a Sociedade da Información, tales como once telecentro e aulas de informática de acceso público, co equipamento necesario para a realización de actividades de difusión, dinamización e formación.

QUINTO.- Que a Consellería de Innovación e Industria e a Entidade Colaboradora, subscriben de mutuo acordo o presente Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto establecer os termos e condicións que rexerán a colaboración das Partes na execución das actuacións no marco da Orde do 16 de maio de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión de bolsas para a formación de dinamizadores da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para o exercicio de 2006.

A Entidade Colaboradora adhírese ao proxecto, comprometéndose a unha participación activa neste, nos termos establecidos no presente Convenio.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

2.1 Actuacións a realizar pola Entidade Colaboradora:

- a) Poñer os recursos necesarios, a disposición da Consellería de Innovación e Industria para a formación dos bolseiros dinamizadores, así como prestar o apoio imprescindible para este tipo de actuacións (consumibles, iluminación, calefacción, etc.).

- b) *Facilitar información sobre o uso e dispoñibilidade das aulas das que dispón a entidade colaboradora (situación, equipamento, persoas de contacto, etc) .*
- c) *Promover a participación de persoal da súa organización nas actividades do proxecto.*
- i) *Facilitar a promoción e divulgación dos servizos e contidos relacionados co Proxecto.*
- e) *Difusión Web: enlace na páxina web da entidade colaboradora á páxina web do Proxecto.*
- f) *A entidade colaboradora comprométese, á finalización do período de formación práctica do bolseiro/a, no caso de ser esta satisfactoria, á súa contratación do bolseiro/a e nesa mesma condición de bolseiro/a durante un tempo non inferior a un ano con cargo aos seus orzamentos. A cualificación final do período de formación práctica do bolseiro/a será avaliada por unha comisión composta polo titor correspondente, un representante da entidade colaboradora así como un representante da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información*

2.2 Actuacións a realizar pola Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información:

- ✓ *Proporcionar un ou varios bolseiros dinamizadores durante o seu período de prácticas, par a súa formación, e desenvolver tarefas de dinamización, de difusión da Sociedade da Información.*
- ✓ *A realización, coa participación da entidade colaboradora, de actuacións de difusión do proxecto.*

TERCEIRA.- CONTROL DAS ACTUACIÓNS

Con carácter mensual, a Consellería resérvase o dereito de solicitar un informe da Entidade Colaboradora sobre as actividades realizadas en relación ao presente proxecto.

CUARTA.- NON EXCLUSIVIDADE

En ningún caso, a Entidade Colaboradora poderá esixir participar no proxecto desenvolvendo actuacións con carácter exclusivo.

A Consellería coordinará as actuacións propostas, procurando conciliar as actividades de acordo coas necesidades do proxecto.

QUINTA.- PROTECCION DE DATOS PERSOAIS

As Partes obríganse ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, do R.D. 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Medidas de Seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

SEXTA.- PUBLICIDADE

A Consellería de Innovación e Industria resérvase o dereito exclusivo de elaborar e remitir os comunicados de prensa que fagan referencia ao proxecto.

SÉTIMA.- RESPONSABILIDADE

A Entidade Colaboradora deberá cumprir a normativa vixente reguladora das iniciativas ou actuacións que leve a cabo, sendo plenamente responsable das actuacións que desenvolva no marco do proxecto, non asumindo a Consellería de Innovación e Industria ningunha responsabilidade derivada destas.

OITAVA.- RESOLUCIÓN UNILATERAL

No caso de que a Entidade Colaboradora estivese interesada en abandonar o Programa deberao comunicar de forma fidedigna á Consellería de Innovación e Industria con trinta días naturais de antelación, estando obrigada, en todo caso, a realizar aquelas actuacións ás que se comprometése con terceiros por motivo da súa colaboración.

NOVENA.- DURACIÓN

O presente Convenio producirá efecto desde o 1 de xaneiro de 2007 e terá vixencia ata o 30 de setembro de 2007.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente acordo terá natureza xurídico-administrativa, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, polo establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas.

17(722).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ANTIGA ESCALINATA DA PRAZA DE PORTUGAL E LOCALIZACIÓN NA RÚA E. BLEIN BUDIÑO. EXPTE. 3722/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 16.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Unión Temporal de Empresas formada por Norvial, S.L. e Hidromiño, S.L. o concurso para a execución das obras de construción da antiga escalinata da praza de Portugal e localización na rúa E. Blein Budiño, expte. 3722/446, por un importe de 430.000 euros. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 12.03.2007 e a oferta presentada..

18(723).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE RODAS PARA VEHÍCULOS MUNICIPAIS PARA OS ANOS 2007 E 2008. EXPTE. 4749/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 16.04.07, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Neumáticos Berbes, S.L.” o concurso para a subministración de rodas para vehículos municipais para os anos 2007 e 2008. Expte 4794-445 por un importe de 34.924,62 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26-02-2007 e a oferta presentada..

19(724).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE CEMITERIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7661/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 16.04.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” o concurso para prestación do servizo de mantemento e conservación de cementerios do concello de Vigo, expte 7661/255, por un importe de 182.286,40 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 27.11.2006 e a oferta presentada.

20(725).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 51521/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 16.04.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Obras y Construcciones Dios, S.A.” o concurso para a execución das obras do proxecto de reparación xeral de beirarrúas na cidade de Vigo. Expte. 51521/250 por un importe de 150.000 euros e unha baixa porcentual dos prezos uniotarios do 20,69 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26.02.2007 e a oferta presentada.

21(726).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 18.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a LINORSA a fianza por importe de 67.253,26 € constituída para responder do servizo de limpeza en escolas e colexios públicos xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 1767/241.

b) Devolver a FERRETERÍA POMBO S.A. a fianza por importe de 2.400 € constituída para responder da subministración de materiais de ferretería 2004-2005 xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1770/241.

c) Devolver a FERROSER S.A.:

- A fianza de 947,49 € constituída para responder do lote 2 de caldeiras en colexios públicos xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1759/241.
- A fianza de 632,69 € constituída para responder da instalación de calefacción en colexios públicos xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1757/241.
- A fianza de 1.053,58 € constituída para responder da instalación do lote 1 de caldeiras de calefacción en colexios públicos xa que foron executadas conforme o prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte 1758/241.

22(727).- RECLAMACIÓN DE Mª CARMEN SARA GONZÁLEZ MOSQUERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 953/243. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 11.04.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Sara González Mosquera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de febreiro de 2006, no que expón que o día 7 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Doctor Cadaval, á altura do número 10, sufriu unha caída tras introducir un pé nun oco dunha lousa da beirarrúa que se atopaba levantada, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/02/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que o desperfecto seguía na data do informe.*
- Práctica de proba testifical, en data 06/07/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. González.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.405,81 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 26/07/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial.

Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así, resulta acreditado pola documentación que obra no expediente:

- A reclamante sufriu unha caída no lugar indicado o día 07/01/2006, o que lle produciu a luxación do ombro esquerdo. Solicitado ditame médico ó efecto, de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, nel se di “Lesionada de 54 anos de idade que con fecha 07/01/06 sofre una caída en la vía pública presentando lesiones de que las que es atendida en el Hospital Xeral donde le diagnostican al ingreso: Luxación hombro izquierdo. Presenta parte de baja desde la fecha de la caída hasta el 16/05/06 y con fecha 12/05/06 el Dr. Balbuena del Servicio de rehabilitación del Hospital Xeral informa que se le indica tabla de ejercicios para potenciación muscular de la musculatura de hombro y escápula. Alta en rehabilitación y control por su médico de zona.”. Valora as lesións en 5.267,43 euros.
- Do informe do servizo de Vías e Obras e fotografías que hai no expediente, cosntátase que o defecto que consistía na falta dunha lousa na beirarrúa. Ocupa un espazo de 40 x 40 cm2 e que se pode advertir visualmente a unha distancia de 5 metros. Das probas testificais practicadas que no momento da caída era de día e había boa visibilidade así como que non había moita xente na rúa que puidese impedir a visión do desperfecto.
- A reclamante é minusválida. En data 06/07/1981 se lle recoñece un 33% de minusvalía. En certificado achegado (documento nº 6) consta un grao de minusvalía de 43 unidades. E por resolución de 20/01/2006 recoñécéuselle un grao de minusvalía dun 45% dende o 07/04/2005.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Neste caso resulta que o defecto era visíbel a 5 metros de distancia e que había boa visibilidade no momento de producirse a caída, existindo espazo na beirarrúa suficiente para evitalo, non constituíndo consonte coa citada doutrina ningún defecto ou trampa oculta, polo que a propia negligencia da vítima, que por despiste ou outra circunstancia, non o viu, propiciou a súa caída. Non obstante, hai unha circunstancia que atempera o anterior, que é a minusvalía da reclamante debida a unha poliomete que dificulta o seu deambular. Cómpre indicar ó

respecto a xurisprudencia do Tribunal Supremo que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por anormal funcionamento dun servizo público e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización ás características ou circunstancias concretas do caso examinado. Consecuentemente, aínda que houbo unha negligencia da vítima que interfiriu no nexo causal ó non observar o defecto, dada a súa minusvalía pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizarlle co 50% da cantidade resultante.

Cuarto.- En trámite de audiencia a reclamante di que caeu novamente o 31/05/2006 na vía pública, a consecuencia, segundo di, daas secuelas que ten. Ó respecto achega informe médico de data 26/02/2007 do médico colexiado 36.3601369-1 no que se describen os problemas que ten para camiñar debido á súa minusvalía pola polio, que ten empeorado nos últimos anos, o que non ten ningunha relación nin coa caída de 07/01/2006 que se examina nin con ningunha outra, que por certo non acredita. Tampouco se pode aceptar que a súa minusvalía se vise incrementada a consecuencia da caída e a luxación do seu ombro o 07/01/2006, xa que nada se acredita ó respecto e ademais o certificado de minusvalía que achega ó efecto acredita o grao de minusvalía dun 45% dende o 07/04/2005, isto é case un ano antes dos feitos que se examinan.

Quinto.- Manifesta así mesmo que rompeu un pantalón e arrañou unha cazadora de pele, así como que manchou un abrigo. Salvo no que respecta ó pantalón, en que unha testemuña manifesta que viu unha prenda rota, o resto destes feitos non resultaron probados no expediente, sen que a estes efectos pode ser suficiente un presuposto de compra dunha prenda de pele de data 04/04/2006 e unha factura de tintorería de 03/04/2006, con bastatne posterioridade estas datas á caída. O mesmo pódese dicir respecto ás copias de facturas de taxi que achega nas que non se especifica nin o cliente nin o traxecto realizado, podéndose soamente aceptar dúas delas cun traxecto dende a rúa na que vive ó Hospital Xeral e viceversa, de 08/01/2006, por importe de 6,53 e 4,70 euros respectivamente. Procede aceptar a factura de rehabilitación achegada.

Sexto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos, isto é, coa cantidade de 3.032,20 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen Sara González Mosquera por unha caída ocorrida o día 7 de xaneiro de 2006 na rúa Doctor Cadaval e indemnizala coa contía de 3.032,20 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(728).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ ANTONIO LORES RIVERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 764/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 11.04.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Antonio Lores Rivera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de setembro de 2005, no que expón que o día 15 de setembro de 2004, ó ir a recoller a motocicleta de súa propiedade, matrícula OU-6309-W, que deixara estacionada no aparcadoiro de ciclomotores da rúa Méndez Núñez, atopouna caída por mor de terse rebrandecido o asfalto, provocándose danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 14/09/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Lores relátalles o accidente ocorrido; igualmente, comprobán os desperfectos na motocicleta e que o asfalto na zona do aparcadoiro atopábase cheo de fochas, habendo outra motocicleta caída.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 19/10/2005.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 27/10/2005, sobre o estado do aglomerado na zona do aparcadoiro.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de 07/02/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Movisa, presentado polo reclamante, por un importe de 1.080,42 euros IVE incluído, son correctos.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de 23/02/2006, indicando que é posíbel que se produzan os danos reclamados por unha caída da motocicleta.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, con data 02/03/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial.

Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

E así, de conformidade co parte de servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento do reclamante, constátase que tanto a súa motocicleta marca Kawasaki-Zephyr-550 como outro ciclomotor que se atopaba lateralmente sobre o outro que se lles afundi a pata no asfalto, observando danos na mencionada motocicleta. O orzamento presentado de 1.080,42 euros IVE engadido estímase correcto polo servizo do Parque Móbil en sendos informes.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Antonio Lores Rivera polos danos materiais ocasionados o día 15 de setembro de 2004 ó ciclomotor de súa propiedade, matrícula OU-6309-W, no aparcadoiro de vehículos da rúa Méndez Núñez e indemnizalo coa contía de 1.080,42 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(729).- RECLAMACIÓN DE D. ELOY LÓPEZ GONZÁLEZ E MAPFRE MUTUALIDADE DE SEGUROS E REASEGUROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. 16469/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 20.04.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Antonio Abelaira Arriandiaga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Eloy López González e de Mapfre Mutualidad de Seguros, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de agosto de 2003, no que expón que o día 26 de agosto de 2002 o vehículo de propiedade do Sr. López, asegurado por Mapfre e con matrícula OR-3239-T, estando estacionado na marxe da avenida Atlántida (xunto ó Camiño das Fontes), unha póla dunha árbore caeu sobre o automóbil.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Patrimonio, de data 09/12/2002, no que indican que o lugar do accidente (coñecido como Monte Areeiro) é de titularidade municipal.*

- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 21/10/2003, no que manifestan que dos posibles danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria da conservación e reposición de zonas verdes.
- Informe da concesionaria Cespa, de data 10/11/2003.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 07/10/2004, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Mapfre Mutualidad Seguros e na factura nº 087 de Chapistería Vázquez Blanco presentados polos reclamantes, por valores respectivos de 203,63 e 382,80 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións en data 20/01/2005.
- Informe do servizo de Seguriade e Mobilidade, de data 13/11/2006, sobre a posibilidade de aparcarse no lugar onde ocorreu o accidente.
- Práctica de proba testifical, en data 16/02/2007, á testemuña proposta polos reclamantes, que confirma os extremos por eles alegados.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 19/04/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por terceiro, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a

CESPA, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza ditada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de conservación do arbolado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cespa, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente debeuse a caída dunha póla dunha árbore sobre a vía pública. O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Legislativo 2/2000.

Polo exposto, PRÓPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire á lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Antonio Abelaira Arriandiaga en nome e representación de D. Eloy López González e de Mapfre Mutualidad de Seguros.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo a dita empresa indemnizar ós reclamantes nas seguintes contías, correspondentes ó valor da reparación do vehículo:

- a D. Eloy López González na cantidade de 382,80 euros;
- á entidade Mapfre Mutualidad de Seguros y Reaseguros a prima fija na cantidade de 203,63 euros.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(730).- RECLAMACIÓN DE D^a. ROSA MARÍA PENA RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 750/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 27.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Rosa María Pena Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 9 de setembro de 2005, no que expón que o día 3 de setembro de 2005, camiñando pola rúa Padre Sarmiento, á altura do número 1, tivo unha caída por mor do mal estado do pavimento da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substánciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía local, con data 03/09/2005, no que os axentes actuantes, persoados no lugar dos feitos, manifestan que a Sra. Pena relátalles o accidente que tivera, sendo trasladada a continuación ó Hospital Xeral; igualmente comprobán o estado da beirarrúa, sinalizando os desperfectos con dous conos e manifestando que era a terceira persoa que se accidentaba no lugar no período dunha semana.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 29/09/2005, sobre o desperfecto da beirarrúa.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 294,65 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 09/02/2006, a unha das testemuñas proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sra. Pena.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 14/02/2006 que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- e) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- f) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- g) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- h) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constátase a existencia dun dano avaliabel economicamente, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 295 euros.

No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por se introducir neste caso un elemento estrano á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia

xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No expediente hai informe do servizo de Vías e Obras do Concello xunto con fotografías ó efecto no que se di que as dimensións do desperfecto son de 0,50 m² sendo apreciábel a unha distancia visual de 2 metros. Por outra banda, a testemuña proposta ratifica esa distancia de apreciación así como que o día da caída había boa visibilidade e era de día, pola mañá.

De todo o que resulta que os defectos da beirarrúa eran visíbeis e patentes a unha distancia suficiente e na reclamante non cosnta que teña ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, sendo unha persoa de mediana idade polo que de conformidade coa doutrina mencionada ó non constituír ningún defecto ou trampa oculto a súa petición tería que ser desestimada por falta de control da propia deambulación debido a un despiste ou negligencia. Non obstante, tense que ter en conta que de conformidade co parte de servizo da Policía Local emitido ó respecto, na mesma beirarrúa nunha semana producíronse outros accidentes con lesións sen que se tomasen medidas ó efecto, polo que se estima que resulta de aplicación a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal co seu defectuoso control do propio deambular, tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos corporais estimada no ditame emitido pola Asesoría médica do Concello, isto é, coa cantidade de 147,50 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Rosa María Pena Rodríguez por unha caída ocorrida o día 3 de setembro de 2005 na rúa Padre Sarmiento e indemnizala coa contía de 147,50 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

26(731).- RECLAMACIÓN DE D^a. BIBIANA GONZÁLEZ TREVIÑO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.752/243.ESTIMADA PARCIALMENTE

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Bibana González Treviño presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de setembro de 2005, no que expón que o día 12 de abril de 2005 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 1116-CYH, pola rúa do Arieiro, e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo e de carácter físico á súa persoa.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 14/11/2005 e 23/01/2006, sobre o lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Práctica de proba testifical, en data 21/02/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. González.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 22/02/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 20051797, presentada polo reclamante, por un valor de 66,00 euros IVE incluído son correctos.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.480,92 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 07/06/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

E así, de conformidade coas probas testificais practicadas, resulta que Dna. Bibiana González Treviño cando circulaba co seu vehículo pola rúa Arieiro de Vigo, introduciu a súa roda nunha fochanca dun metro que había no vial e que non estaba sinalizada, que segundo unha testemuña por esta circunstancia non se podía ver o que non resulta desvirtuado polo informe do servizo de Vías e Obras solicitado ó efecto, que se limitia a sinalar que a focha foi reparada o 04/05/2005.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así contátase pola proba testifical practicada que o vehículo sufriu danos na súa roda dianteira dereita, valorados en 66 euros e que se estiman correctos polo servizo de Parque Móbil do Concello.

Respecto ás lesións que refire padecer a consecuencia do accidente e que o ditame médico solicitado ó efecot valora en 2.480,92 euros, o certo é que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesadas, que as ditas lesións aconteceron a consecuencia do accidente, por canto as testemuñas non apreciaron ningunha lesión e a asistencia no servizo de Urxencias foino ás 19:09 horas, transocrridas horas desde o accidente que fora ás 15:15 horas, e se ben no parte de asistencias consta que acorde tras accidente de coche, isto o é segundo as manifestacións da reclamante, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada, por non resultar convenientemente probado o nexo causal entre a lesión e o funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Bibiana González Treviño, por un accidente ocorrido o día 12 de abril de 2005 na rúa Arieiro, e indemnizala na contía de 66 euros.”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(732).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARIA DE LA PAZ FERNÁNDEZ-CID Y CASTAÑO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 910/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 18.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Dna. María de la Paz Fernández-Cid y Castaño presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 5 de xaneiro de 2006, mentres asistía a cabalgata de Reis na rúa Príncipe, foi alcanzada por un caramelo, rompéndose un cristal das súas lentes.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 05/01/2006, no que o axente actuante manifesta que a Sra. Fernández-Cid preséntase na xefatura da Policía onde relátalle o accidente que tivera; igualmente fai constar que non se poden constatar os feitos relatados xa que ningún axente foi testemuña dos mesmos.*
- *Informe do servizo de Festas e Animación sociocultural, con data 04/03/2006, no que indican que na cabalgata 2006 participaron tanto carrozas municipais como carrozas comerciais.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 20/04/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Á vista das actuacións practicadas no expediente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en supostos similares (entre outros, ditame 2/2005), resulta que a reclamante non ofrece máis proba de cómo aconteceron os feitos que as súas propias manifestacións, o que non pasa de ser unha tese argumental desprovista dunha mínima proba que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

E isto é así por canto

- *O parte do servizo da Policía Local está redactado segundo as manifestacións da interesada, en el consta expresamente que non se poden constatar os feitos ó non ser ningún axente testemuña deles.*
- *Consecuentemente co anterior, non hai ningunha proba das lentes rotas.*
- *Non se achega ningunha testemuña dos supostos feitos.*

En todo caso, hai informe do servizo de Festas e Animación Sociocultural de 04/03/2006, no que se di que os caramelos repartidos polo Concello ás carrozas municipais foron adquiridos de acordo a unhas características que garantizasen a seguridade do público asistente (pequeno tamaño, forma redondeada, sen aristas, pouco peso), achegando mostras deles, o que non ten nada que ver co “super-caramelo” do que fala a reclamante, que puido ser tirado dende unha das nove carrozas comerciais, sen vinculación co Concello, que lanzaron milleiros de kilos de caramelos de diversas formas e tipos, segundo o mesmo informe.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación formulada por Dna. María de la Paz Fernández-Cid y Castaño por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

28(733).- RECLAMACIÓN DE D^a. NATALIA BLANCO SOUSA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 769/243. DESESTIMADA..

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Natalia Blanco Sousa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación do seu fillo menor de idade Aaron Corbacho Blanco, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de setembro de 2005, no que expón que o día 12 de setembro de 2005, mentres el camiñaba pola rúa Arquitecto Pérez Bellas, á altura do número 7, tivo unha caída por mor da existencia dun líquido esvarante na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Limpeza, con data 10/10/2005, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados; igualmente informan que o servizo de limpeza viaria (varrido da beirarrúa) realízase a diario durante a quenda da noite.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 11/11/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos

viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha de aceite e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que a mancha se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07/10/1997 e 03/12/2002).

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame de aceite na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha de aceite que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Admnsitración no mantemento público de viais.

Segundo a doutrina referenciada a única implicación eventual do servizo público local pasará por unha desatención das súas obrigas, traducidas neste caso na limpeza da beirarrúa. E así resulta constatado no expediente segundo o informe do servizo de Limpeza do Concello de 10/10/2005 que hai no expediente que o servizo de Limpeza viaria na rúa realízase a diario.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Natalia Blanco Sousa polos danos físicos sufridos polo seu fillo Aaron Corbacho por mor dunha caída acaecida o día 12 de setembro de 2005 na rúa Arquitecto Pérez Bellas”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

29(734).- RECLAMACIÓN DE D^a. SUSANA VEGA OLIVEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.792/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 16.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Susana Vega Oliveira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de outubro de 2005, no que expón que o día 30 de setembro de

2005, mentres camiñaba pola rúa Joaquín Loriga, sufriu unha caída ó tropezar cunha placa metálica mal situada, producíndose danos de carácter físico e no seu patrimonio persoal.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 27/10/2005, indicando que a empresa Exconsa realizaba obras de edificación no lugar sendo a responsábel de ter colocado a chapa na rúa.
- Práctica de proba testifical, con data 02/12/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Vega, indicando que había boa visibilidade na vía pública no momento do accidente.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 02/12/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración

(artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Dna. Susana Vega Oliveira caeu o día 30/09/2005 ó tropezar cunha chapa metálica que se atopaba na calzada da rúa Joaquín Lóriga nº 27.
- De conformidade coa proba testifical practicada no momento de se producir a caída había boa visibilidade porque é un sitio onde hai bastante luz.
- Consonte co informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente así como fotografías achegadas, a chapa metálica tiña unhas dimensións de 2 x 2 m², obsérvabase a unha distancia de 10 metros aproximadamente foi a empresa EXCONSA a que colocou a dita chapa para protexer un pozo de saneamento que se atopaba en mal estado con focha incluída.
- Respecto ós danos que reclama a interesada, indicar que non se pode incluír unha indemnización por perda de contrato, achegando a estes efectos certificación de que era candidata a unha contratación, en concorrència polo tanto con outros candidatos, por canto como ten dito o Tribunal Supremo (STS 02/01/1990) non acaece cando se trata de aconteceres posíbeis pero dos que non se ten certeza da súa posterior produción, como é o caso dunha expectativa. Tampouco se poderán admitir unhas facturas de taxi que acreditou un desprazamento pero non de quen e para que se fixo.

Cuarto.- Consta polo tanto no expediente que foi un terceiro, a empresa EXCONSA que efectuaba unhas obras no lugar, a que colocou a chapa metálica para protexer un pozo de saneamento en mal estado. A este respecto esta intervención dun terceiro rompe o nexo causal e exime de toda responsabilidade á Administración polo funcionamento dun servizo público municipal, como ten dito o Consejo de estado no seu ditame 51552 de 25/02.

Quinto.- En todo caso, o que resulta claro é que a chapa non se trataba dun defecto ou trampa oculta, senón que ademais de ser ben visíbel polo seu tamaño e condicións lumínicas do lugar, tiña unha función que era a de protexer e advertir os viandantes dun perigo potencial, cal era o do pozo de saneamento en mal estado, sen que se poida aceptar que se atopaba mal colocada por canto se isto fose así deixaríase ó descuberto o mencionado pozo, polo que se pode concluír que soamente un despiste ou negligencia da vítima que non actuou coa debida dilixencia no seu camiñar, provocou a súa caída, polo que cabe cualificar o incidente como un accidente común, que non será indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Susana Vega Oliveira por unha caída ocorrida o día 30 de setembro de 2005 na rúa Joaquín Lóriga, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

30(735).- RECLAMACIÓN DE D^a. ESPERANZA MACIEL GROBA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 793/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 16.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Esperanza Maciel Groba presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de outubro de 2005, no que expón que o día 7 de outubro de 2005, mentres intentaba abrir un colector de lixo, ubicado na avenida de Castrelos, á altura do número 336, este caeu sobre ela, provocándolle danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Limpeza, con data 21/10/2005, no que manifestan teren recibido unha denuncia do desprazamento do colector situado no número 255 da avenida de Castrelos, denuncia esta que foi inmediatamente comunicada á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria do mantemento dos colectores, para que o recolocasen no seu lugar; igualmente, indican descoñecer quen ou que cousa provocou o desprazamento do colector.*
- Informe da U.T.E. Contenur-Otto, con data 24/12/2005.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 289,48 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 11/04/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Groba, indicando que o colector caera varias veces este mesmo día ó estar mal colocado.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 20/04/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario. Así, o Pleno do Concello d evigo acordou en sesión de 29/07/2002

adxudicar a Contener España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para a instalación, reposición e mantemento de colectores e papeleiras no Concello. O prego de cláusulas administrativas reguladoras do concurso para a concesión establece na súa cláusula X a obriga da empresa concesionaria de indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello. Os artigos 128.13ª do Decreto 17/06/1995, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, así como o artigo 121.2 da Lei de 16/12/1954, de Expropiación Forzosa, impoñen esta mesma obriga de indemnización ó concesionario. O artigo 123 da mesma Lei establece que cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, a que resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen a debe pagar, de acordo co punto 2 do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderán utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 07/10/2005, cando Dna. Esperanza Maciel Groba foi a botar o lixo a un colector sito á altura do número 336 da avenida de Castrelos, este caeu ó estar mal ubicado, montado parcialmente na beirarrúa.
- A reclamante afirma que o feito provocoulle unha gran contusión e inflamación no seu brazo dereito, achegando a estes efectos certificado médico oficial de 03/11/2005 de informe de asistencia do Servizo de Urgencias do Hospital Meixoeiro con diagnóstico de contusión do ombro dereito producida según refire ó golpearlle un colector de lixo.

Do anterior resulta que non hai ningunha proba de que os danos físicos que se reclaman sono a consecuencia dun golpe do mencionado colector, por canto se ben a médica que certifica fai referencia a unha asistencia por lesións nun ombro, non se coñece a data da dita asistencia que puido ser ese día ou outro posterior e o feito de que o informe médico se refira a un golpe por un colector segundo día a paciente non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista dunha mínima eficacia probatoria que obxectivando as súas alegacións xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia da proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada (ditame do Consello Consultivo de Galicia nº 461/2006).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Esperanza Maciel Groba por un accidente ocorrido o día 7 de outubro de 2005 na avenida de Castrelos, por falta de acreditación do dano producido”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

31(736).- RECLAMACIÓN DE D. FRANCISCO NAPOLEÓN RAMALLO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 794/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 18.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Francisco Ramallo González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de outubro de 2005, no que expón que o día 24 de decembro de 2004, ó ir a recoller a motocicleta de súa propiedade, matrícula 2717-CVL, que deixara estacionada no aparcadoiro de ciclomotores da rúa Manuel Núñez, atopouna caída por mor do mal estado do asfalto, provocándose danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 24/12/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Ramallo relátalles o accidente ocorrido; igualmente, comprobamos os desperfectos na motocicleta e o mal estado do asfalto.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 27/10/2005, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de 15/11/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 11/005 de Talleres Plastimoto, presentada polo reclamante, por un importe de 288,13 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 03/01/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.-Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial.

Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que existen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución por causa destes elementos ou circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así, se ben resulta constatado no expediente que a motocicleta marca Honda modelo CBR 600 RR matrícula 2717-CVL sufriu danos que foron observados pola Policía Local, tamén o é que segundo o parte de servizo desta de data 24/12/2004 que o feito de que os ditos danos o foron debido ó mal estado do asfalto, nunha relación causa-efecto non puido constatarse pola Policía por canto non hai ningunha proba de cómo aconteceron os feitos máis que as propias manifestacións do interesado, descoñecéndose se este aparcou a motocicleta nun lugar que se apreciaba deteriorado ou noutro que se deteriorou a consecuencia do dito aparcamento, o que ten unha importancia detemrinante segundo a doutrina sinalada no fundamento anterior.

E isto é así porque hai informe no expediente do servizo de Vías e Obras que achega fotografías do lugar, no que o estado deteriorado do asfalto no lugar obsérvase claramente, sen que resulte un defecto ou trampa oculto.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Francisco Ramallo González, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

32(737).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a DOLORES ÁLVAREZ GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 799/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 18.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. María Dolores Álvarez García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de outubro de 2005, no que expón que o día 7 de setembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Luís Seoane, á altura do número 3, sufriu unha caída por mor da ausencia de dúas lousas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía local, de data 07/09/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. José Otero Paradela, esposo da Sra. Álvarez, relátalles o accidente que esta tivera, indicando que fora trasladada ó Centro médico.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/04/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, indicando non haber desperfectos na mesma á data do informe.*
- *Práctica de proba testifical, en data 05/07/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Álvarez.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 686,40 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 14/08/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na

vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte do cito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.

E así:

- Respecto ós danos físicos causados pola caída hai informe médico no expediente que, consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992, se di “la lesionada permanece de baja durante 26 días, todos de baja parcial” e que os valora en 686,40 euros.
- Se ben se reclama un gasto de zapatos, non se acredita no expediente a súa rotura a consecuencia da caída, e a testemuña proposta soamente se refire a que o zapato quedou tirado no chan, pero non se romperá. Non se pode alegar perda por canto o marido está acreditado que permaneceu no lugar durante ó menos media hora ata que chegou a Policía.
- Os gastos de farmacia non poden ser aceptados por canto ningún deles foi prescrito na asistencia hospitalaria a consecuencia da caída segundo documentación achegada e o mesmo pode dicirse dos gastos de rehabilitación por canto no parte do servizo de Urgencias prescribíese como tratamento “reposo y hielo”.
- Reclámase así mesmo o importe dunha taxa de expedición de documentos, que non se pode conceptuar como necesariamente a consecuencia da caída e que en todo caso carece do requisito de antixuridicidade que a lexislación esixe por canto esta soamente existirá cando a lesión legalmente non deba ser soportada, e existirá ese deber de o soportar cando a medida constituía unha “carga” de carácter xeral que todos os administrados incluídos no seu ámbito de aplicación veñan obrigados a cumprir (STS de 18/12/1986).

Cuarto.-^oRespecto á conexión causal da caída que a reclamante sufriu en data 07/09/2006 na rúa Luís Seoane, concorre indicar que da documentación obrante no expediente resulta acreditado que:

- A reclamante caeu cando tropezou na beirarrúa pola falta de dúas losetas o día referenciado.
- No momento da caída era de día, a mediodía, e había unha boa visibilidade na zona.
- De conformidade co informe de Vías e Obras solicitado ó efecto así como fotografías achegadas ó expediente (documentos 7 e 8) os defectos na beirarrúa eran ostensíbeis, non constituíndo defecto oculto ou trampa, podéndose observar a unha distancia duns 10 metros.

Consecuentemente e conforme coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano, e seguindo a mesma doutrina, tal é así porque, demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Quinto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Dolores Álvarez García por unha caída ocorrida o día 7 de setembro de 2005 na rúa Luís Seoane”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

33(738).- RECLAMACIÓN DE D^a. SOLEDAD BÚA GOLDAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 754/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Soledad Búa Goldar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de setembro de 2005, no que expón que o día 14 de setembro de 2005, camiñando pola avenida Camelias, á altura do número 91, tivo unha caída por mor dun sumidoiro que non se atopaba debidamente pechado, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 21/09/2005, indicando que o mantemento das bocas de rega compete á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, con data 01/12/2005.*
- *Práctica de proba testifical, con data 07/12/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Búa.*
- *Comparecencia persoal, con data 30/12/2005, pola cal preséntanse unha serie de prendas de vestir danadas (chaqueta, pantalón e zapato).*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 352,56 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 10/03/2006 que non formula alegacións.*

- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 14/06/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

E así, da proba testifical practica ó efecto e informe de asistencia de Urgencias, resulta constatado que Dna. Soledad Búa Goldar o día 14/09/2005 ó pisar enriba dunha tapa de rexistro esta levantouse ocasionado a súa caída, o que lle produciu unha contusión no seu ombro esquerdo, así como a rotura do pantalón que levaba. A lesión, segundo ditame médico solicitado ó efecto valórase en 254,60 euros. De conformidade con este non están probadas lesións en cóbado ou xeonllo, por canto o parte médico non fai ningunha referencia a elas.

Se ben a reclamante afirma que rompeu un pantalón, unha chaqueta e un zapato e a eses efectos achegou a este Concello prendas deterioradas, as testemuñas soamente fan referencia a un pantalón roto, sen que as alegacións da interesada poidan constituír proba suficiente ó efecto. En todo caso, a reclamante non presentou acreditación da súa valoración pois unicamente o fixo de dous tickets de compra que non especifican os produtos comprados e ó respecto dun deles o correspondente á cantidade de 32,60 euros obsérvase que a venta corresponde a dous conceptos sen que estes se especifiquen.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Soledad Búa Goldar.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 254,60 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

34(739).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a CONCEPCIÓN ALONSO SARMIENTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.755/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Íñigo Cuiñas Gómez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. M^a Concepción Alonso Sarmiento, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de setembro de 2005, no que expón que o día 14 de setembro de 2005, a Sra. Alonso ía camiñando pola praza de Compostela e, á altura do número 22, tivo unha caída ó tropezar contra un bordo sen sinalizar, causándose danos de carácter físico e material; igualmente manifesta que toda a zona –en obras– se atopa en situación similar.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 14/09/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Alonso relátalles o accidente que tivera horas antes ó tropezar contra os bordos dun alcorque.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/09/2005, indicando que a Sra. Alonso tropezou nun alcorque de árbore e que a zona era ben visíbel, atopándose en obras que se realizaban pola empresa Necso dentro das actuacións para a humanización do contorno da praza Compostela.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 27/10/2005.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 874,52 euros.*
- *Comparecencia persoal, en data 17/03/2006, pola cal se presentan uns anteollos de sol cun dos cristais soltos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa construtora Acciona Infraestructuras, S.A., que formula alegacións en data 06/04/2006, incidindo na visibilidade dos alcorques.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 03/05/2006 que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Dna. Concepción Alonso Sarmiento recibiu asistencia médica o 14/09/2005 segundo refire o parte do servizo de Urgencias tras tropezar. As lesións valóranse no ditame médico solicitado ó efecto en 704,85 euros.
- No lugar onde a reclamante manifesta que caeu a consecuencia de tropezar nun alcorque baleiro estában a realizar obras pola empresa Necso dentro da actuación nos arredores da Praza de Compostela. Tanto na fotografía que achega a reclamante como nas do informe do servizo de Vías e Obras obsérvase claramente a existencia de xeito continuado e igual distancia de alcorques na beirarrúa que forman parte do deseño dela, que se observan claramente non constituíndo ningún defecto ou trampa oculto.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, circunstancias nas que por certo se contradi nos seus escritos, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os alcorques da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación. Concorre ademais unha circunstancia moi cualificada segundo a doutrina que se cita (ditame 291/2006) que é que a reclamante reside ó carón de onde di que cau e era polo tanto perfectamente coñecedora da instalación nela de alcorques, polo que soamente un dispiste ou distracción puido provocar unha caída.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Íñigo Cuíñas Gómez en nome e representación de Dña. Concepción Alonso Sarmiento por unha caída ocorrida o día 14 de setembro de 2005 na Praza de Compostela, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

35(740).- RECLAMACIÓN DE D. ALFREDO DOMÍNGUEZ VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 756/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“D. Alfredo Domínguez Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de setembro de 2005, no que expón que o día 10 de setembro de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 3562-BBF, pola avenida de Madrid, e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 07/09/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Domínguez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobamos os danos no vehículo (roda dianteira dereita) e a existencia dunha focha, á altura do número 146, que é tapada provisionalmente.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/11/2005, indicando que a focha existente debíase probabelmente á rotura ou fuga da rede de sumidoiros e que foi posteriormente arranxada por Aqualia.*

- Informe do servizo de Parque Móbil, 28/11/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto nº 61 de Automoción Dos ABS S.L., presentado polo reclamante, por un valor de 411,79 euros IVE incluído son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, con data 02/12/2005, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 26/12/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, resulta acreditado que o interesado sufriu danos nunha llanta do seu vehículo por causa dunha focha na avenida de Madrid o día 07/09/2005. De conformidade co informe de Vías e Obras que hai no expediente a focha foi producida debido probabelmente a unha fuga ou rotura da rede de saneamento e foi arranxada por conta de Aqualia. Os danos foron presupostados nun importe, IVE engadido, de 411,79 euros, que se estiman correctos polo servizo do Parque Móbil.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Alfredo Domínguez Vázquez.*
- 2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 411,79 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

36(741).- RECLAMACIÓN DE D^a. FLORA AURORA ALVARIÑO CAMESELLE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 760/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Flora Aurora Alvariño Cameselle presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de setembro de 2005, no que expón que entrando nas instalacións da casa do Concello, tivo unha caída ó tropezar nun desnivel existente, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, con data 22/09/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 22/11/2005.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 12/01/2006, no que indican que o lugar do accidente foi na Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Vello, situado na Praza da Princesa.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 17/02/2006 que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Á vista das actuacións practicadas no expediente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en supostos similares (entre outros, ditame 2/2005), resulta que a reclamante non ofrece máis proba de cómo aconteceron os feitos, isto é, da caída no lugar indicado e que o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público que as súas propias manifestacións, o que non pasa de ser unha tese argumental desprovista dunha mínima proba que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

E isto é así por canto se ben a reclamante achega un parte de asistencia en Urgencias de data 20/04/2005 por fractura dun ombro, iso non proba por si só que o fose a consecuencia dunha caída no lugar sinalado.

Non acreditada, polo tanto, a caída no lugar sinalado, nin que os danos foron á consecuencia do anormal funcionamento dun servizo público, procede indicar que non corresponde ningunha responsabilidade a esta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación formulada por Dna. Flora Aurora Alvariño Cameselle por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

37(742).- RECLAMACIÓN DE D^a. OLGA DURO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 761/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data .13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Olga Duro Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de setembro de 2005, no que expón que o día 12 de setembro de 2005, camiñando pola avenida Castelao, tivo unha caída por mor do mal estado do pavimento, producíndose danos de carácter físico

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/11/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.
- Informe do servizo da Policía local, con data 17/11/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 909,26 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 06/02/2006 que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Á vista das actuacións practicadas no expediente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en supostos similares (entre outros, ditame 2/2005), resulta que a reclamante non ofrece máis proba de cómo aconteceron os feitos, isto é, da caída no lugar indicado e que o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo

público que as súas propias manifestacións, o que non pasa de ser unha tese argumental desprovista dunha mínima proba que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

E isto é así por canto

- *Os partes de asistencia médica refiren uns danos corporais dos que Dna. Ana María Santos é atendida, pero non os feitos en si;*
- *Non hai informe de Policía Local dos feitos nin a reclamante ofrece ningunha testemuña deles.*

En todo caso, de conformidade co informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente os defectos na rúa ocupan un total de 20 m², sendo visíbeis a 10 metros de distancia, non se tratando de defectos ocultos para o viandante.

Non acreditada, polo tanto, a caída no lugar sinalado, nin que os danos foron á consecuencia do anormal funcionamento dun servizo público, procede indicar que non corresponde ningunha responsabilidade a esta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación formulada por Dna. Olga Duro Fernández por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

38(743).- RECLAMACIÓN DE D^a. BENITA JOGA PARADA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 763/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación de data 13.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

“Dna. Benita Joga Parada presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de setembro de 2005, no que expón que o día 19 de setembro de 2005, camiñando pola avenida Castela, tivo unha caída por mor do mal estado do pavimento, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 19/09/2005, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, a Sra. Joga relátalle o accidente que tivera; igualmente, comproba o mal estado das lousas da beirarrúa, levantadas polas raíces dunha árbore.*

- *Parte do servizo de Vías e Obras, de data 25/10/2005, manifestando que o mal estado da beirarrúa se debe ás raíces dunha árbore.*
- *Práctica de proba testifical, en data 15/12/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Joga.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.299,95 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 21/07/2006.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, resulta que a solicitante caeu o día 19/09/2005 na avenida de Castelao ó tropezar cunha lousa en mal estado sufrindo lesións que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 2.085,95 euros. De conformidade co artigo 89.5 da Lei 30/1992 neste ditame dise “No existe informe del ORL que indique complicación en la evolución de su proceso. La asistencia de urgencia sólo refleja daño en priámide nasal y el estudio radiológico de fecha 26/09/2005 refleja cambios degenerativos en columna cervical en relación con cervicoartrosis, la cual no tiene relación con el accidente sufrido. La fractura nasal fue intervenida con fecha 30/10/05 y la secuela de desviación persiste y persistirá tras la I.Q. por lo que no procede revisión en marzo y creo que su proceso está estabilizado tras haber transcurrido un mes de la I.Q.”.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos

viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Da proba testifical acréditase que se romperan os seus anteollos, valorados en 214 euros.

Do parte do servizo da Policía Local constátase o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Así mesmo, tanto das fotografías achegadas ó expediente, como informe do servizo de Vías e Obras e a proba testifical practicada que a zona se atopaba en obras e sinalizada, tendo os defectos unha extensión sobre 10 m2 e no momento da caída era de día e había boa visibilidade.

A presenza na beirarrúa dos sinais que advertían de obras e o deterioro subseguite fan que os defectos sexan necesariamente ostensíbeis dende antes de acceder ó lugar do accidente. De conformidade coa doutrina anteriormente mencionada (ditame CCG 381/2006) resulta que as deficiencias na beirarrúa eran polo tanto un obstáculo apreciable a simple vista, non constituíndo polo tanto ningún defecto ou trampa oculto, non detectábel co emprego dunha especial dilixencia por parte do viandante á vista dos sinais. Consecuentemente, e ó non se apreciar na vítima unha disfunción física ou psíquica que lle xustifique unha ponderación inferior é polo que procede non estimar a reclamación presentada por obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera de imputabilidade da propia vítima do dano.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Benita Joga Parada, por un accidente ocorrido o día 19 de setembro de 2005 na avenida Castelao”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

39(744).- OBRAS DE REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS DO ENTORNO DO SUPERMERCADO ALCAMPO EN COIA. EXPTE. 52100/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 25.04.07, conformado polo asesor xurídico de Vías e Obras e polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, 1 de marzo de 2007, D. Juan Carlos Bouzón Loureiro na súa calidade de director de “ Alcampo, S.A. ” propón ó Concello facerse cargo da reparación das beirarrúas que rodean o centro comercial do que é titular, no barrio de Coia, sempre que o Concello lle facilite ós materiais necesarios para elo.

O enxeñeiro técnico municipal de obras públicas D. Jorge Muñoz Rama con data 9 de marzo de 2007 redactou unha Memoria valorada para a execución de ditas obras na que se describen os materiais necesarios para facer fronte a reparación de ditas beirarrúas que son de titularidade municipal. Asimesmo con data 23 de abril pasado o inspector de obras deste Servicio D. Ventura Oujo Gerut emite informe acompañado de documentación fotográfica relativo o deficiente estado das referidas beirarrúas.

Por último o taller de Vías e Obras con data 24 de abril de 2007 informa que o seu almacén conta co material que segundo a Memoria é preciso para executar a obra

Entre as obrigas municipais contempladas no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, inclúese a de conservación e reparación das vías públicas (no seu apartado 1.a), polo que non cabe dúbida de que é ó Concello a quen lle correspondería efectuar estas reparacións.

Sin embargo, neste caso o solicitante ofrécese a efectua-las obras – parece que pola mala imaxe que supón para o Centro e o risco para os seus visitantes – coa única condición de que o Concello aporte os materiais. En definitiva, o solicitante vai a efectuar un desembolso económico que lle correspondería ó Concello. Por isto, aínda que de forma impropia, estaríamos en definitiva ante unha doación que segundo o artigo 12 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais non está suxeita a restricción algunha, sin perxuício de que se requira finalmente á aceptación administrativa polo órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno Local, a teor do previsto no artigo 14.1.f) da Lei de Bases.

Polo exposto o funcionario que suscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar a Memoria presupostada, redactada polo enxeñeiro técnico de obras públicas D. Jorge Muñoz Rama, para “ Reparación de beirarrúas fronte o lateral do supermercado Alcampo en Coia ”cun presuposto de contrata de 19.355, 86 €

2º.- Autorizar que “ Alcampo, S.A.” execute a través do contratista que designe, as obras necesarias con estricta suxeción á Memoria aprobada, e sin perxuício das inspeccións municipais que se estimen convintes.

3º.- Á finalización das obras éstas deberán ser entregadas ó Concello tra-la sinatura da correspondente acta de recepción.

4º.- “ Alcampo, S.A. ” deberá esixir ó contratista que execute as obras un prazo de garantía de un ano como mínimo para responder das deficiencias que poidan derivarse da execución das mesmas

5º.- “ Alcampo, S. A. ” deberá notificar ó Concello o inico das obras e o nome do contratista elexido con 5 días de antelación, como mínimo, á data en que estea previsto

6º.- O Concello entregará ó contratista desinado por “Alcampo, S.A.” os materiais necesarios, que figuran na Memoria presupostada aprobada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(745).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A IRMANS GÓMEZ S.A. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN, POR OBRAS, ATA RÚA PRÍNCIPE, 33 EXPTE.52239/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.04.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no rexistro xeral de 08-02-2005, solicitouse permiso de circulación a r/ Príncipe, 33 para rehabilitación e ampliación edificio, con licencia núm. 51913/421, con vehículos de ata 28.000 kg. Con data 16-

02-2005 a Policía Local remite oficio núm. exp 1165/2005, onde nos solicitan informe coas condicións, previa a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servicio con data 17.02.2005, idícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza por importe de 30.000 euros – (trinta mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal por IRMANS GOMEZ, S.A. Con número de operación 200500006643 de data 25-02-2007.

Solicitada a devolución da fianza con documento de entrada no rexistro xeral núm. 70036335. Con data 12 de abril de 2007, procedeuse a facer unha visita de inspección polo percorrido dos camións, indicando que o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (30.000 euros – trinta mil euros), a favor de IRMANS GOMEZ, S.A. .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(746).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A MAGOPE S.L. POR INSTALACIÓN DE ANDAMIO NA PRAZA DE COMPOSTELA Nº 9. EXPTE. 25984/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 18.04.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 07 de marzo de 2007, autorizóuxe a MAGOPE, S.L a ocupación da vía pública cun andamio de 9 x 1 metros na Pza. De Compostela, 9. Para obras de hidrofugado da fachada e atornillado de plaquetas, para evitar desprendementos, condicionándose o depósito dunha fianza de 3.000 €. Depositada con data 07-03-2007 e con número de operación 200700014571.

Con data 19 de marzo de 2007 a Administración de Tributos (Tributos Especiais) toma nota da Baixa no rexistro de Vallas e andamios, e o remite a iste servicio os efectos de inspección e devolución da fianza depositada.

Na inspección feita con data 13 de abril de 2007, indícase que o andamio foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (3.000 € - tres mil euros), a favor de MAGOPE, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(747).- CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS DENTRO DO MUNICIPIO DE VIGO PARA O ANO 2007. EXPTE. 1845/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 9.04.07, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases de subvencións para o fomento de actividades xuvenís dentro do Municipio de Vigo para o ano 2007.

2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións para o fomento de actividades xuvenís para o ano 2007.

3º.- Publicar as presentes bases e convocatoria anual no BOP.

4º.- Aprobar o gasto de 12.000€, cantidade destinada como orzamento máximo municipal asignado para este fin, con cargo á partida 4520.489.00.00 do presente ano.

BASES DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. ANO 2007. CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. CONCELLO DE VIGO

Primeiro.-

En virtude do establecido no artº 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva destinadas o fomento de actividades xuvenís para o ano 2007.

Segundo.-

A contía da presente convocatoria ascende a 12.000 €, con cargo á partida 4520.489.00.00 (“Subvencións a asociacións”), do programa orzamentario de Xuventude.

Terceiro.-

O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

Cuarto.-

As solicitudes presentaránse en instancia normalizada e adxunta nas bases da convocatoria, no anexo 1 e, se acompañará da documentación requirida nas bases destas subvencións.

Quinto.-

O prazo para a execución das actividades subvencionables será ata o 31 de decembro de 2007. O prazo de xustificación das subvencións concedidas será ata o 30 de xaneiro de 2008.

BASES DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. CONCELLO DE VIGO.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, se plantexa como un dos seus obxectivos fomentala participación xuvenil dos xoves dentro dos diferentes ámbitos sociais, facilitando o desenvolvemento de actividades por parte de colectivos xuvenís.

Nesta liña a Concellería de Xuventude propón a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva para a realización de programas e proxectos xuvenís de interese xeral, dentro dos límites que determina o seu presuposto e garantindo os principios de publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e atendendo o contido do disposto na “Lei 38/ 2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

1.- Lexislación

A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria é a seguinte: lexislación básica do estado: Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e seu regulamento de desenvolvemento aprobado por R.d. 887/2006, con carácter supletorio, a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica, e as normas, que no uso da súa potestade regulamentariamente aprobe, ou teña aprobadas, o Concello de Vigo.

2.- Solicitantes

2.1.- Admitidos

- a) *Asociacións e entidades sen ánimo de lucro especificamente xuvenís, inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Vigo.*
- b) *Outras entidades e/ou asociacións non especificamente xuvenís que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas o fomento da participación dos xoves e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenrolo global.*
- c) *Grupos de xoves non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estos grupos de xoves deberán cumprir son:*
 - *Estar formados por un mínimo de tres persoas e con idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos.*
 - *Establecer un representante que será o responsable do grupo de xoves, maior de idade, e que deberá asumir tódalas obrigas que lle corresponderán como beneficiario da subvención.*
 - *Os membros do grupo de xoves non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que fora beneficiaria dunha subvención durante o ano pasado ou que vaia a solicitar unha subvención o presente ano á Concellería de Xuventude.*

2.2.- Excluídos

- *As entidades con ánimo de lucro.*
- *As administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou presupostariamente.*
- *As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.*
- *E, en xeral, aqueles programas que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.*

3.- Actuacións obxecto de subvención

- *As actuacións dirixidas o fomento e a participación do colectivo xove e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo.*
- *Programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo*
- *Actividades de ocio, tempo libre e de lecer*
- *Actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil*
- *En xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo*

Por outra banda, as actuacións excluídas desta convocatoria:

- As actividades propias dos clubs deportivos.
- As actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
- As edicións de periódicos, revistas, folletos e carteis de signo exclusivamente propagandístico para a asociación solicitante.
- As actividades propias de entidades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.
- As actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello.
- As actividades que procuren algún tipo de lucro para os seus promotores.
- As actividades que supoñan unha discriminación por razóns de raza, sexo, lingua ou relixión.

4.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación

A instancia de solicitude se presentará no Rexistro Municipal do Concello de Vigo mediante impreso normalizado no [anexo 1](#), ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/ 1999, do 13 de xaneiro.

Esta solicitude normalizada se acompañará da seguinte documentación- sendo ademáis **obrigatorio cubrir todos os datos solicitados nos respectivos anexos** que se indican- según o carácter do solicitante:

4.1.- Asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

- a) *Fotocopia do DNI do Presidente da entidade solicitante e copia compulsada do Código de Identificación Fiscal da mesma.*
- b) *Copia dos estatutos oficiais da asociación, debidamente adaptados á Lei Orgánica Reguladora do Dereito de Asociación.*
- c) *Copia da inscrición no Rexistro Municipal de entidades do Concello de Vigo.*
- d) *Copia actualizada de inscrición no Rexistro da Xunta de Galicia da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Caso de estar en trámite, se presentará a copia da solicitude de inscrición.*
- e) *Certificado do secretario da entidade coa relación actual de membros da Xunta Directiva, coa data da Asamblea na que se produxo a súa elección e incluíndo nome, cargo, DNI, enderezo e teléfono. Ver modelo no [anexo 2](#).*
- f) *Proxecto detallado do programa de actividades que se van a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse con detalle obrigatoriamente, se adxuntan no [anexo 3](#). Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenrolar os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.*
- g) *Presuposto detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do presuposto total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver anexo 3.*
- h) *Certificación da entidade bancaria indicando o Código de Cuenta Cliente(CCC, de 20 díxitos) da Asociación no que se realizará no seu caso, o ingreso da subvención concedida.*
- i) *Certificados orixinais e actualizados de estar ao corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e Axencia estatal de administración tributaria.*

- j) *Certificación de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- k) *Declaración formal doutras subvencións solicitadas ou percibidas doutras institucións públicas ou privadas para esta mesma actividade. Anexo 4.*

4.2.- Grupos de xoves

- a) *Relación detallada das persoas que componen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada un, así como a súa previsible función no proxecto(organizador, colaborador, beneficiario...). Se engadirá a esta relación a fotocopia do DNI de a lo menos tres persoas do grupo.*
- b) *Certificados actualizados, do representante do grupo, de estar o corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, seguridade social e Facenda.*
- c) *Declaración xurada do representante do grupo de xoves na que expresamente se manifeste:*
 - *Que acepta todas as obrigas que poidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida.*
 - *Que ningún dos membros do grupo pertence como socio ou membro directivo á entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude.*
 - *Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- d) *Certificado da entidade bancaria indicando o Código de Cuenta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.*
- e) *Proxecto detallado do programa de actividades que se va a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se adxuntan no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenrolar os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.*
- f) *Presuposto detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do presuposto total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver anexo 3.*

4.3.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

5.- Tramitación, procedemento de concesión e xestión das subvencións

- *A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento de Xuventude.*
- *Recibidas as solicitudes, procederáse o estudo destas e da documentación. Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúne os requisitos esixidos o/a interesado/a será requerido para que no prazo de dez días, a contar dende a recepción da notificación oficial, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que , de non facelo, se desestimará a súa solicitude que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.*

- Rematada a instrucción do expediente, éste será remitido a Comisión de avaliación, integrada pola Concelleira delegada de Xuventude que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Xuventude e un técnico municipal da área.
- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes e segundo, valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido nas presentes bases.
- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local previa proposta do órgano instructor correspondente.

6.- Financiamento da convocatoria.

Os órganos municipais de goberno establecen as cuantías anuais para adicar ás subvencións con cargo ás partidas de xuventude. As subvencións concedidas non excederán, en ningún caso, o 50% do custo total da actividade para a que se solicita a subvención.

7.- Criterios de valoración

Estimadas as solicitudes que cumplan na súa totalidade os requisitos esixidos nas bases, corresponderá á Comisión de Valoración ponderalos proxectos admitidos conforme os criterios especificados de seguido.

Se valorará ata un máximo de 15 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- a) Aspectos da entidade.....Máximo 3.50 puntos
- Experiencia e traxectoria (0.02 /mes.....Máx. 0.50 punto)
 - Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25 /entidade...Máx. 1 punto)
 - Ser especificamente xuvenil (0.15 / cada membro xunta directiva menor de 30 anos.....Máx. 1 punto)
 - Fomento da participación xuvenil (0.010 /10 socios.....Máx. 1 punto)
- b) Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 7 puntos
- Calidade e solidez do proxecto en xeral.....1 punto
 - Proxecto ben fundamentado e cunha estrutura coherente.....1 punto
 - Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto.....1 punto
 - Coherencia do proxecto en canto que se axusta as necesidades xuvenís actuais.....1 punto
 - Relevancia do proxecto e adecuación ós obxectivos xerais da convocatoria.....1 punto
 - Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios.....Máx.1 punto)
 - Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís.....1 punto
- c) Recursos e financiación.....Máximo 4 puntos
- Permanencia e continuidade do proxecto no tempo(0.10/ano....Máx 1 punto)

- Plan de financiación (aportación propia e porcentaxe solicitado) (0.20/15% financiación propia.....Máx. 1 punto)
- Capacidade e recursos propios para xestionar e executar o proxecto..1 punto
- Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiación..(0.20/cada entidade patrocinadora.....Máx 1 punto)

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3.50 puntos non se considerarán subvencionables.

A distribución das subvencións, unha vez ponderadas as propostas, se realizará proporcionalmente á puntuación obtida, outorgándose un valor económico a cada punto.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellería de Xuventude poderá especificar qué actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa aportación económica municipal.

8.- Obrigas dos/as beneficiarios/as

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedará obrigados a:

- Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento de actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.
- Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.
- Someterse o seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, e dispor en todo caso dos estados contables que garanten unha correcta comprobación que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Xuventude, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
- Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama. Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.
- A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Xuventude estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

8.- Pagamento, prazo de execución e prazo de xustificación

No que respecta ó prazo de execución de proxectos, será obrigado que as accións subvencionadas sexan desenvolvidas o longo do presente ano e ata o 31 de decembro do ano en curso.

Para proceder ó trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta e un de xaneiro do ano entrante.

O pagamento das subvencións efectuaráse mediante transferencia bancaria e tramitaráse unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación, que conforma a Conta Xustificativa:

- a) *Solicitud de liquidación da subvención concedida.*
- b) *Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
 - *Datos sobre os participantes na actividade: número, perfil, etc.*
 - *Explicación detallada do desenvolvemento da actividade: obxectivos marcados e obtidos, actividades realizadas, valoración das mesmas e avaliación interpretada.*
 - *Material publicitario e de comunicación.*
 - *Relación detallada de ingresos e gastos.*
- c) *Memoria económica xustificativa da actividade:*

Gastos:

-Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.

-Os efectos do pago da subvención polo Concello considerárase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquer documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

Ingresos: -Detalle das contías ingresadas por todos os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.

- d) *Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*
- e) *Calquera outro que sexa solicitado polo Concello.*

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia da Concelleira Delegada de Xuventude.

Asemade, reduciráse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores a os subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores a os previstos

9.- Compatibilidade

A concesión de subvencións ó abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

10.- Revogación, renuncia, reintegro e réxime sancionador

Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:

- *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*
- *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*
 - *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*
 - *Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*
 - *Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

11.- Seguemento, control e inspección

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

O persoal técnico do Servizo de Xuventude será o encargado do seguemento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

12.- Outros requisitos

Para os/as solicitantes de subvencións para publicacións, deberán cumprir, ademáis dos anteriores, os seguintes requisitos:

- a) As publicacións subvencionadas non poderán ter carácter de boletín interno da asociación.
- b) Presentar un proxecto editorial que incluíra os datos dos/as responsables da redacción-edición, o detalle das seccións, o número de páxinas, as características do formato, as cores do papel e tintas de impresión, a tirada, o sistema de distribución e o plan de financiación.
- c) As publicacións subvencionadas disporán de depósito legal, e os/as editores/as, presentarán á Concellería de Xuventude as probas de imprenta para a conformidade.
- d) A Concellería de Xuventude, reservarase a contratación de cada publicación para a inclusión de textos ou ilustracións que considere oportuno.
- e) A Concellería de Xuventude poderá adquirir un número de exemplares determinado previamente.

13.- Disposicións finais

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria respetarase o establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

43(748).- REVISIÓN DE PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE LUDOTECAS. EXPTE. 1842/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 14.03.07, conformado pola concelleira de Xuventude e o interventor xeral, que di o seguinte:

A concellería de Xuventude ten adxudicados unha serie de contratos de xestión de determinados servizos aos é necesario efectuar a correspondente revisión de prezos axustándose ao establecido nos pregos de condicións. Entre estes contratos figuran os seguintes aos que procede aplicar a revisión de prezos correspondente ao ano 2006:

Ludotecas:

Adxudicado a Tasoga S.L en xuño de 2005

Data de revisión: xuño 2006

Importe contrato: 112.880 €

Importe contrato revisado (4%): 117.395,20 €

Importe IPC: 4.515,20 € dos cales: 2.633,87 € corresponden a xuño 2006-dецembro 2006

1.881,33 € corresponden a xaneiro 2007- maio 2007

Dinamización Xuvenil do Castro:

Adxudicado a Xegalia S.L en setembro de 2005

Data de revisión: setembro de 2006

Importe contrato: 58.743 €

Importe contrato revisado (4,2%): 61.210,21 €

Importe IPC: 2.467,20 € dos cales: 822,40 € corresponden a setembro 2006-décembro 2006
1.644,80 € corresponden a xaneiro 2007- agosto 2007

Infobus:

Adxudicado a Concepción Cuña Pérez en xuño de 2005

Data revisión: xuño 2006

Importe contrato: 35.875

Importe contrato revisado (4%): 37.310,00 €

Importe IPC: 1.435,00 € dos cales: 837,08 € corresponden a xuño 2006- decembro 2006
597,92 € corresponden a xaneiro 2007- maio 2007

Información Xuvenil:

Adxudicado a Xoma S.L en xuño de 2005

Data revisión: xuño 2006

Importe contrato:85.000,00 €

Importe contrato revisado 4%): 88.400,00€

Importe IPC: 3.400,00 € dos cales:1.983,33€ corresponden a xuño 2006 – decembro 2006
1.416,66 € corresponden a xaneiro 2007- maio 2007

Por todo isto PROPÓNSE Á XUNTA LOCAL DE GOBERNO, a adopción do seguinte acordo:

“1º.-Aprobar a revisión do prezo do contrato do Servizo de Ludotecas do que é adxudicatario Tasoga, S.L. dende o mes de xuño do 2005, sendo o importe do contrato revisado 117.395,20 €.

2º.- Aprobar o incremento do 4 % IPC de dito contrato, que ascende a 4.515,20 € , dos cales 2.633,87 € corresponden ao período xuño /decembro 2006 e 1.881,33 € corresponden ao período xaneiro / maio 2007, sendo o período de revisión dende a apertura proposicións económicas(maio 2005) ata maio de 2006, e o período de facturación xuño 2006-maio 2007.

3º.- Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de información xuvenil do que é adxudicatario Xoma Iniciativas Sociais, S.L dende o mes de xuño de 2005, sendo o importe do contrato revisado 88.400,00€

4º.- Aprobar o incremento do 4% IPC de dito contrato, que ascende a 3.400,00 €, dos cales 1.983,33€ corresponden a xuño 2006 – decembro 2006 e 1.416,66 € corresponden a xaneiro 2007- maio 2007,sendo o período de revisión dende a apertura proposicións económicas(maio 2005) ata maio de 2006, e o período de facturación xuño 2006-maio 2007.

5º.- Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de desenvolvemento do programa de dinamización xuvenil no Monte do Castro do que é adxudicatario Xegalia S.L dende o mes de setembro de 2005 ,sendo o importe do contrato revisado 61.210,21 € .

6º.- Aprobar o incremento do 4,2% IPC de dito contrato, que ascende a 2.467,20 € , dos cales: 822,40 € corresponden a setembro 2006-décembro 2006 e 1.644,80 € corresponden a xaneiro 2007- agosto 2007,sendo o período de revisión dende a apertura proposicións económicas(xullo 2005) ata xulode 2006, e o período de facturación agosto 2006- xullo 2007.

7º.- Aprobado a revisión do prezo do contrato do servizo de Infobus do que é adxudicatario Concepción Cuña Pérez dende xuño de 2005, sendo o importe do contrato revisado 37.310,00€.

8º.- Aprobado o incremento do 4% do IPC de dito contrato, que ascende a 1.435,00 € , dos cales 837,08 € corresponden a xuño / decembro 2006 e 597,92 € corresponden a xaneiro / maio 2007. sendo o periodo de revisión dende a apertura proposicións económicas (maio 2005) ata maio de 2006, e o periodo de facturación xuño 2006- maio 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

44(749).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA BATALLA DE FLORES 2007. EXPTE. 2221/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 12.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 9.04.07, conformado pola concelleira da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, para a colaboración na organización da Batalla de Flores 2007.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 15.250 .-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo a partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. O pagamento se realizará a partes iguais entre a dous entidades colaboradoras.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA BATALLA DE FLORES 2007

Vigo, abril de 2007,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro da Área de Asuntos Sociais e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, "Comisión organizadora".

MANIFESTAN

- a) Que a Batalla de Flores foi unha festa popular moi arraigada na sociedade viguesa durante boa parte do século XX, sendo o evento máis multitudinario despois do Cristo da Victoria.
- b) Que a Concellería de Festas e Animación Sociocultural, a petición da Alcaldía, recuperó no ano 2005 este evento, con gran éxito de público e unha gran implicación por parte das principais empresas e entidades da cidade.
- c) 3. A recuperación deste evento festivo ten como obxectivos: fomentar a identidade viguesa, recuperar a memoria histórica da cidade e promover a participación da cidadanía. Todo isto nun escenario que permita combinar a tradición coa modernidade.
- d) Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei Reguladora de Bases de Réximen Local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc)

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a colaboración das entidades asinantes na organización da Batalla de Flores 2007, mediante a aportación do persoal auxiliar necesario para o acompañamento e control dos elementos que compoñen a comitiva e máis do público asistente, así como da megafonía e o valado de seguridade do percorrido.

SEGUNDA.- A Batalla de Flores 2007 é un evento organizado e coordinado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e que se celebrará nesta cidade o día 5 de maio as 19,00 horas polas rúas García Barbón, Policarpo Sanz e Porta do Sol.

TERCEIRA.- O orzamento xeral do convenio para a organización da BATALLA DE FLORES 2007, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 15.250 euros (quinze mil douscentos cicoenta) que se financiará con cargo a partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo I deste convenio, según o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

CUARTA.- A comisión colaboradora da Batalla de Flores 2007 esta formada polos seguintes membros:

* Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:

- JOSE LOURIDO PENEDO.
- JUAN JOSÉ NOGUEIRA SÁNCHEZ.

* Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:

- JUAN CARLOS PADÍN NIETO.
- RAÚL VILA CARIDE.

Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, a técnica responsable do servizo de Festas e Animación Sociocultural.

A función básica da comisión colaboradora da Batalla de Flores 2006 será a de dotar este evento do persoal auxiliar necesario para acompañamento da comitiva, ademáis do seguinte:

- a) Encargarase de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación o confeti, serpentina e outros elementos, e trasladarlos ó lugar de concentración da comitiva e ós distintos puntos de avituallamiento e distribución do material, que se colocarán o longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.
- b) Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuilas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento terán que levar de xeito obligatorio e en todo momento a antedita prenda.
- c) Ó longo do percorrido, haberá cinco puntos de distribución de das 40.000 bolsas de serpentina que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un. As serpentinas repartiránse 30 minutos antes do comenzo do desfile.
- d) Encargarase de realizar calquera movemento no valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado pola Policía Local ou persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento do desfile da Batalla de Flores.
- e) Encargarase da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva.
- f) Acompañarán seis persoas a cada unha das carrozas integrantes da comitiva, dende a súa saída ata a finalización do evento, para garantir a súa seguridade e maila do público.
- g) Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. A disposición dos elementos do desfile manterase inalterable dende o seu inicio ata o seu remate.
- h) Encargarase da seguridade no entorno dos puntos de disparo das baterías de confeti sinalados no percorrido que e que se achega adxunto a este convenio.

- i) Durante o desenvolvemento do acto terá que haber permanentemente dúas persoas na “zona de encontro de nenos”, delimitada co obxecto de levar alí ós nenos e nenas que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non aparecer, faranlle entrega dos mesmo a Policía Local a partir das 22,00 horas.
- j) O responsable da comisión colaboradora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado o longo do percorrido, así como cos membros da Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así como, coa técnica responsable da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.
- k) Para facer posible este cometido, o Concello facilitaralle á comisión colaboradora un mínimo de oito portáfonos que deberán devolver en perfecta condición unha vez rematado o desfile; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o periodo de desenvolvemento do desfile.
- l) Encargarase da megafonía o longo do percorrido e máis do valado de seguridade.
- m) Xestionar a presenza da Cruz Vermella.

Outras funcións:

- ✓ Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Batalla de Flores e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.
- ✓ A comisión colaboradora presentará na Concellería de Festas nos tres días hábiles seguintes á finalización da Batalla de Flores, un informe completo de posibles incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

QUINTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade de 15.250 euros (cinco mil douscentos cincuenta euros) previa presentación da correspondente solicitude de pagamento de ámbalas dous entidades, e previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural do cumprimento do clausulado do presente convenio.

O pagamento se realizará do seguinte xeito: 7.625 E (sete mil seiscentos vintecinco euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente nº 2080.0020.0040023628, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas El Olivo CIF:: G 36.704.666 e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90; e outros 7.625 E (sete mil seiscentos vintecinco euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente nº 2091 0540 04 3040003578 da que é titular a AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS CIF: G-36.791.291 número de inscrición 386/94 no registro municipal de asociacións.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural na propia actividade.

OITAVA.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo I e cos prorrateos ós que houbese lugar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007, e non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

Anexo II

ORZAMENTO "BATALLA DE FLORES 2007"

MEGAFONIA.....	3.828,00
VOLUNTARIADO E ORGANIZACIÓN.....	9.600,00
TRANSPORTE E VALADO	1.200,00
CRUZ VERMELLA.....	600,00
TOTAL	15.228 euros

45(750).- GASTOS LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2007. EXPTE. 17248/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 20.04.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 6.310,91 €. correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, OSPIO, Vías e Obras, Seguridade, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Museo Quiñones de León, Sanidade, Parque Mobil, Conserxería e Persoal, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

<i>Funcional</i>	<i>Servicio</i>	<i>Importe</i>
4420	Limpieza	844,22 €
5110	OSPIO, Inspección de Vías e Obras, Vías e Obras	3.089,62 €
2220	Seguridade	817,00 €
4631	Participación Cidadá	91,61 €
3130	Benestar Social	19,95 €
4130	Sanidade	205,77 €
4430	Cemiterios	137,94 €
4513	Museo Quiñones de León	45,60 €
1212	Parque Mobil	480,08 €
1210	Conserxería	512,93 €
1211	Persoal	57,19 €

46(751).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO 2007. EXPTE. 17237/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegada no expediente e que comezan por don Basilio Costas Fernandez do servizo de Alcaldía e rematan por dona Jose B Villaverde Veleiro do servizo de Extinción de incendios, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 122.654,92 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de MARZO de 2007.

47(752).- GRATIFICACIÓN POR SEVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS- MARZO 2007. EXPTE. 17234/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.04.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de marzo-2007, e que ascenden a un total de 622'40 € (SEISCENTOS VINTE DOUS EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións

48(753).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSERXERÍA- PRIMEIRO TRIMESTRE. EXPTE. 17233/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.04.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.04.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós funcionarios D Francisco Martínez Muñoz, núm. persoal 5575, oficial conserxe e D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe, adscritos a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais

